

FEDERACIÓN PROVINCIAL ANPAS DE LUGO

A S E M B L E A

LUGO, de 26 de marzo 2022

ASEMBLEA 2021

DOCUMENTACIÓN

INDICE:

1. CONVOCATORIA:
 1. ASEMBLEA ORDINARIA

2. ACTAS:
 1. ASEMBLEA 2021
 2. XUNTAS DIRECTIVAS
 3. XUNTANZAS COAS ANPAS E DIVERSAS ORGANIZACIÓNS

3. MEMORIA DAS ACTIVIDADES OFERTADAS ÁS ANPAS

4. ESTADO DE CONTAS

**CONVOCATORIA
ASEMBLEA
ORDINARIA**

Convocatoria Asemblea Xeral Ordinaria FAPACEL 2021



Edificio Cei Nodus Concello de Lugo

FAPACEL

Avd de A Coruña, 500

27003 – Lugo

fapacel@gmail.com

Convocamos a tódalas anpas federadas á asemblea xeral anual.

Dada a situación actual de pandemia a xunta directiva da FAPACEL decidiu en xuntanza realizado o pasado 19 de xaneiro de 2022 que a realización da ASEMBLEA XERAL ANUAL sería online. Realizarase o vindeiro 26 de marzo de 2022.

Enviámosvos o formulario para que vos anotedes a dita xuntanza, e dende ahí xa vos enviamos o enlace para a conexión

ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación da acta anterior
- 2.- Estado de contas.
- 3.- Nomeamento censores de contas
- 4.- Aprobación da memoria anual
- 5.- Presentación das actividades do 2021 da FAPACEL e da Confederación Anpas Galegas
- 6.- Rogos e preguntas

Para poder ter dereito a voz e voto é necesario atoparse ao corrente do pago da cota de socio do curso 2021/2022.

0



En Lugo a 26 de febreiro de 2022

**ACTA ASEMBLEA
2021**

**E ACTAS XUNTAS
DIRECTIVAS**

ACTA ASEMBLEA ORDINARIA ANUAL

ACTA ASAMBLEA XERAL ANUAL FAPACEL 30 ABRIL 2021

O 30 de abril de 2021 ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL e as ANPA que aparecen ao marxe, de xeito telemático empregando Skype.

Isabel Calvete Carrera
Adela Soler Quiroga
Montse Cabaneiro
Javier Luaces Maira
Geovana Trelles Alonso
Dorotea Paz Cortiñas
Raquel Hermida Manzanegue
M^a Pilar Veiga Rodríguez
Ainhoa Seijas Castiñeira

ANPAS:

ANPA BECERREÁ ANPA CERVANTES ANPA NOIS
ANPA IES ALFOZ ANPA CEIP
MONTERROSO
ANPA IES
MONTERROSO

Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR
2. ESTADO DE CONTAS
3. CENSORES DE CONTAS
4. CAMBIO E APROBACIÓN DAS COTAS FEDERACIÓN
5. APROBACIÓN MEMORIA ANUAL
6. PRESENTACIÓN ACTIVIDADES 2021 DA FAPACEL E DE ANPAS GALEGAS
ELECCIÓN XUNTA DIRECTIVA (SEGUINDO OS ARTIGOS 17 E 27 DOS
ESTATUTOS DA FEDERACIÓN)
8. ROGOS E PREGUNTAS

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase por unanimidade a Acta do 1 de febreiro de 2020.

2. ESTADO DE CONTAS

Apróbase o estado de contas recollido no Anexo 1.

Infórmase ás Anpas a devolución de préstamos a terceiros.

Explícase o préstamo pendente de 2019, (véase ANEXO II) e decídese na Asamblea que no momento que o a persoa que fixo o préstamo reclame o importe, farase a devolución o longo dun prazo de 3 anos.

3. CENSORES DE CONTAS

Oscar Grova, nomeado como censor de contas para o ano 2020, emite un informe favorable do estado de contas de dito ano.

Doris propón pedirlle a unha compañeira da súa Anpa para que sexa a censora de contas deste ano 2021. Está pendente de confirmación.

4. CAMBIO E APROBACIÓN DAS COTAS FEDERACIÓN

Apróbase por maioría cambiar as cotas de afiliación, quedando da seguinte forma:

85€ (cota FAPACEL) + 30€ (seguro). A cota de seguro non é obrigatoria aboala a FAPACEL pero é obrigatoria tela como Anpa.

Dede o 2020 empezouse a domiciliar as cotas de afiliación das Anpas.

5. APROBACIÓN MEMORIA ANUAL

Apróbase por unanimidade a memoria anual 2020.

6. PRESENTACIÓN ACTIVIDADES 2021 DA FAPACEL E DE ANPAS GALEGAS

Dada a situación actual que vivimos pola pandemia, as actividades que ofertamos a maioría son online.

Seguiremos apostando pola formación ás familias en competencias dixitais. Se suxire enfocar a formación máis básica para axudar ás familiar no día a día e poder desenvolverse en cousas elementais como enviar mail, gardar marcadores de páxinas.....

Este ano non puidemos organizar os talleres de RCP.

Xurde a idea de facer enquisas ás Anpas para saber que actividades queren facer. Este ano observamos pouca participación das familias nas actividades organizadas por FAPACEL, acordamos organizar actividades online abertas a tódalas Anpas asociadas, sempre que sexa posible. Isto está pendente de estudo.

7. ELECCIÓN XUNTA DIRECTIVA (SEGUINDO OS ARTIGOS 17 E 27 DOS ESTATUTOS DA FEDERACIÓN)

Os membros saíntes da Xunta Directiva son:

- a) Marisa Carballo Salgado
- b) María Pilar Rueda Soege

Os novos membros da Xunta Directiva cos novos cargos son:

- a) Isabel Calvete Carrera: Presidenta
- b) Montse Cabaneiro: Vicepresidenta
- c) Ainhoa Seijas Castiñeira: Secretaria
- d) Geovana Trelles Alonso: Tesoureira
- e) Raquel Hermida Manzaneque: Vicesecretaria
- f) Javier Luaces Maira: vogal
- g) Dorotea Paz Cortiñas: vogal
- h) M^a Pilar Veiga: Vogal

i) Leticia Gutierrez González: Vogal

8. ROGOS E PREGUNTAS

Infórmase a tódolos asistentes que dende FAPACEL vanse organizar unhas assembleas con tódalas Anpas asociadas para informar sobre o cambio do calendario escolar que propón a Xunta.

Prégase que tódala información que enviamos aos correos das Anpas cheguen a tódalas familias.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 22:05h.

A secretaria

BALANCE ECONÓMICO

2020 (ANEXO 1)

FAPACEL			
LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2020			
CONCEPTO	INGRESOS	GASTOS	SALDO
SALDO EJERCICIO ANTERIOR	4.992,12		4.992,12
CUOTAS ASOCIADOS	6.350		11.342,12
CUOTAS SEGUROS	1.950		13.292,12
CONVENIO DEPUTACION	2.000		15.292,12
XUNTA DE GALICIA	2.975		18.267,12
PRESTAMO TERCEIROS	10.000		29.267,12
DOAZON	232,25		28.499,37
NOMINAS		7166,49	18.357,88
SS		2650,26	15.707,62
ASESORIA		435,60	15.272,05
IRPF		1508,29	13.763,73
PAPELERIA-IMPRESA-LIBRERÍA		659,66	13.104,07
TELEFONO		279,80	12.824,27

SEGUROS		1853,07	10.971,2 7
LAURA PARDEIRO		3647,75	7.323,5 2
CRISTINA PALACIOS		765	6.558,5 2
LETICIA		2380	4.178,5 2
GASTOS BANCARIOS		107,73	4.070,7 9
CUOTA ANPAS GALEGAS		273,75	3.83304
SILVIA LAGE RIVERA		110,50	3.722,5 4
INTERDIX GALICIA		134,31	3.588,2 5
MAELOC		250	3.338,2 3
DEVOLUCION XUNTA		181,58	3.156,6 6
MENOS DA UNHA PEDRA		250	2.906,6 5
CELTIA PEREZ RODRIGUEZ		36	2.870,6 5
BLANCA VILLARES		255	2615,65
RESULTADOS ANUAIS TOTAIS	28.499,3 7	24.554,7 9	3.944,5 8
SALDO NA CONTA BANCARIA			969,82
PENDIENTE PAGO IRPF 4º TRIMESTRE			-1.309,44
PENDIENTE INGRESAR SUBVENCION XUNTA			2.975
PENDIENTE INGRESAR SUBVENCION DEPUTACION			15.000

DEVOLUCION PRESTAMOS A TERCEIROS			-10.000
DIFERENCIA PARA CONCILIAR			-7.635,38
PRESTAMO PENDIENTE 2019			-1.000

ORZAMENTO ECONÓMICO 2021

INGRESOS	
DEPUTACIÓN 15,000	15.000
XUNTA: 3,000	3.000
IGUALDAD: 6,000	6.000
CUOTAS: 6,350	6.350
TOTAL: 30.350	30.350
PTE INGRESO DEPUTACION 2021	3.000
GASTOS:	
NÓMINAS: 6,240	6.240
SS 2,600	2.600
ASESORÍA: 440	440
SERVICIO PREVENCIÓN: 210	210
SEGUROS: 1,900	1.900
ACTIVIDADES: 12,700	12.700
DOMINIO PG. WEB: 135	135
CUOTA FEDERACIÓN 200	200
PAPELERIA/IMPRESA 3,625	3.625
IMPOSTOS 2,000	2.000
TFNO 300	300
TOTAL	30.350
PRESTAMOS PDTE A TERCEROS	1.000

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA XUNTA DIRECTIVA DA FAPACEL

En Lugo, o 14 de xaneiro de 2021 ás 20.00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30 en segunda, a través da plataforma SKYPE, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do día:

- 1.- Estado de contas
- 2.- Grupos de traballo: Actividades, lei de educación, tecendo redes, concursos
- 3.- Renovación da px web
- 4.- Plan educativo específico para el rural: assembleas coas anpas
- 5.- Renovación da xunta directiva
- 6.- O que consideredes

1. Estado de constas: 4.222'23€. Esperamos cobrar en breve o adianto de 12.000€ que temos solicitado a Deputación a cargo da subvención nominativa que temos concedida. Falamos da subvención do 2020

2. Grupos de traballo:

Grupo de actividades:

Reunido o grupo de traballo decidese ofertar as seguintes actividades:

TALLERES IGUALDADE

	PRESENCIA L	ONLIN E
CHARLAS COEDUCACION - familias		
CHARLAS SOBRE DIVERSIDADE SEXUAL E DE XENERO E DIVERSIDADE DE FAMILIAS – familias		

COMUNICACION NON SEXISTA. – familias		
CHARLAS MEDRAR EN IGUALDADE – familias		
TALLERES IGUALDADE – alumnado primaria e secundaria		
COEDUCACION “EDUCANDO HOXE AS PERSOAS DO MAÑA” – familias		

2.-TRADICIONAL (SERAN PRESENCIAIS)

BAILA MORENA DO TRADI O TRAP (alumnado secundaria)
SAHÍ VEN O MAIO (alumnado tódalas idades)
O ENTROIDO É MÚSICA (alumnado tódalas idades)
TI ES RITMO: PRIMEIROS XOGOS, PRIMEIRAS CANTIGAS CO NOSO CORPO” (alumnado infantil)

3- VARIOS

		PRESENCIAL	ONLINE
	EDUCACION EMOCIONAL (familias)		
	ANSIEDADE (alumnado tódalas idades)		
	COMPETENCIAS DIXITAIS (familias)		
	CONTACONTOS “KIRIKI COCORICO” (alumnado infantil)	ESTA SERA PRESENCIAL	

	RCP (alumnado tódalas idades)	ESTA SERA PRESENCIAL
	PROXECTO EDUCACION SEXUAL (alumnado secundaria)	ESTA SERA ONLINE

4.- ADMINISTRACION

	PRESENCIAL	ONLINE
GESTION DE ANPAS(familias)		

Acórdase que as anpas poderán solicitar dúas actividades por anpa.

Grupo de traballo leis:

Estiveron Giovana e Isabel lendo a lei e sacando varias conclusións. Giovanna insiste na necesidade de que a Educación de 0 a 3 anos sexa levada tamén por educación e non por Benestar Social. Tamén fala na necesidade de traballar as emocións non so currículo

Enviara un resumo do que podemos aportar sobre este tema.

Isabel enfocou máis a súa lectura hacia a educación no rural e hacia a necesidade de traballar nun Plan específico para o rural. Estivo recopiando as leis que teñen que ver co rural e coa educación. Seguirán subindo o drive información e traballando nesta lei

O vindeiro martes 19 teñen unha xuntanza de ANPAS GALEGAS para poñer puntos en común sobre esta lei

Grupo de traballo tecendo redes:

Montse comenta que lle parece ben a idea de Doris de aproveitar o tirón da campaña que se fixo de apoio a anpa do Courel para recopilar nun vídeo todas as fotos que se foron colgando nas redes, enviarllelo a tódalas anpas e que así se vaian coñecendo.

Grupo de traballo de concursos:

Raquel e Isabel estan mirando os concursos que van saíndo pero de momento non temos nada. Agader non sacará o seu ata o verán
Isabel esta pendente de que saían as bases de un concurso “A senda de Navia”

3.- Páxina web

Isabel propón renovar a páxina web da Federación pois quedouse obsoleta e é un pouco “rixida” e nada áxil.

Costarianos 400€ e mirariamos de encaixalo dentro da subvención da Deputación

Aprobase.

4.- Plan específico para o rural.

Proponse que aproveitando o tirón que tivo a campaña que se fixo de ANPAS GALEGAS e a Federación intentar darlle pulo a esixencia a Administración de un plan específico para o rural, e para iso facer asembleas coas anpas do rural para que nos axuden a ver a súa problemática pero tamén a ver posibles solucións.

Javier apunta que tamén a podemos facer coas anpas da cidade pois a súa visión de anpas urbanas podenos axudar a ter unha visión externa.

Así que quedamos en facer as seguintes asembleas:

Anpas Lugo cidade: luns 18 ás 23.00horas

Anpas Lugo Centro: mércores 20 ás 20.30 horas

Anpas Mariña: xoves 21 ás 20.00 horas

Anpas Montaña: venres 22 ás 20.30 horas

Anpas Lugo Sur quedase en falar con Ainhoa para ver cando convocala

Enviareselles as anpas un correo con unhas preguntas a partir das cales podemos comenzar a debater.

5.- Renovación de Xunta Directiva

Na vindeira asemblea xeral toca renovación de Xunta Directiva . Adela deixa a Anpa de Becerreia por rematar o ciclo a súa crianza así que queda vacante Tesorería que se propón a Giovana para o seu relevo.

Para a realización da asemblea iremos vendo como se desenvolve a situación sanitaria

6.- Varios

O sábado as 11 horas teremos unha xuntanza coa Anpa de Baralla porque se queren asociar a Federación, a esa xuntanza ira Isabel e Elvira, Javier dice que si non ten traballo tamén se acercará

Sobre o libro de Somos Rural, tiñamos pendente a resolución da Deputación sobre a súa participación.

Comunicaronnos que non poden facerse cargo da súa edición mais si poderían comprar algúns exemplares para a súa distribución

Xornadas de Anpas do Rural. Barallase preparalas para finais de maio, mais como todo dependera da situación sanitaria

Sen máis asuntos que tratar levantase a sesión as 22.00 horas

Vice Secretaria

Raquel Hermida

Vº e Prace o Presidenta

Isabel Calvete Carrera

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 8 de febreiro de 2021 ás 21:00 horas en primeira convocatoria e ás 21:30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.
2. ESTADO DE CONTAS.
3. PRIORIZACIÓN CONTRATO POR RIBA DAS ACTIVIDADES.
4. GRUPO DE TRABAJO.
5. CONTRATO PARA TER MÁIS CAPACIDADE NO DRIVE.
6. PLAN EDUCATIVO ESPECÍFICO RURAL: CONCLUSIÓN ASAMBLEAS.
7. ASAMBLEA FAPACEL.
8. CONCURSO 8M.
9. CONTRATACIÓN SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.
10. ROGOS E PREGUNTAS.

Comeza a sesión ás 21:30 horas

1 APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

Apróbase por unanimidade a Acta da xuntanza anterior.

2 ESTADO DE CONTAS.

O saldo actual da conta é de 8969€

3 PRIORIZACIÓN CONTRATO ELVIRA POR RIBA DAS ACTIVIDADES.

Acórdase priorizar a contratación de Elvira por riba da realización das actividades.

4 GRUPO DE TRABAJO

O grupo de traballo sacou adiante as actividades

O grupo tecendo redes vai preparar un vídeo coas mobilizacións que

fixeron as anpas do rural

O grupo de lexislación xa ten un resumo feito sobre a LOMLOE

O grupo de concursos segue na súa busca de concursos. De momento non saíu nada

5 CONTRATO PARA TER MÁIS CAPACIDADE NO DRIVE.

Acórdase pedir presuposto para aumentar a capacidade do Google Drive.

6 PLAN EDUCATIVO ESPECÍFICO RURAL: CONCLUSIÓN ASAMBLEAS.

Elaborarase un informe coas conclusións das Asambleas coas ANPAS asociadas. A situación é moi similar en tódalas ANPAS e o transporte escolar é un tema a estudar en profundidade.

Enviarase en breve unha enquisa para seguir completando datos

7 ASAMBLEA FAPACEL.

A data para realización da Asamblea de FAPACEL é o 10 de abril de 2021. Nun principio organizarase de xeito presencial pero depende das condicións sanitarias nas que nos atopemos nesa data. Aínda non concretamos lugar nin actividades para realizar.

Débese convocar os xestores de contas externos un mes antes de realizar a Asamblea Xeral.

8 CONCURSO 8M

Concurso de debuxo para o 8M, xa está o cartaz e as bases feitas. Agora xa pódese espallar.

9 CONTRATACIÓN SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

Contratouse un servizo de prevención de riscos laborais, aínda non pasaron a factura. O importe ascende a 210€.

10 ROGOS E PREGUNTAS

a) ANPA COUREL: Fixeron un grupo de WhatsApp con algunhas ANPAS do rural que nestes intreos están en plenas reivindicacións coa Xunta. A

percepción da ANPA é que desde que se creou este grupo ralentizouse o traballo.

Algunha ANPA de ese grupo pretende facer unha plataforma. Para aclarar a idea, proponse convocar unha xuntanza online coas ANPAS pertencentes a dito grupo.

b) ANPA SAN XILLAO: No IES teñen un problema que perdurará no tempo debido a execución dunhas obras, o tempo estimado é de 2 anos. Mentres tanto o alumnado do centro vese afectado á hora do recreo. Por falta de espazo y dadas as medidas extraordinarias que este ano implantáronse polo COVID-19, os alumnos/as deben permanecer en un espazo moi reducido no patio delimitado por un balado metálico e ademais por falta de espazo cada curso permanecerá na aula segunda a quenda que lle corresponda.

c) ANPA BARALLA: Xa está asociada a Federación. Continúa coa súa reivindicación para que se aprobe a xornada única no centro escolar. O problema está co transporte escolar

Non hai rogos nin preguntas, sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 22h.

A Secretaria

A Presidenta

Asdo. Ainhoa Seijas Castiñeira

Asdo. Isabel Calvete Carrera

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

Asistentes:

Isabel Calvete Carrera M^a Pilar Rueda
Soege Montse Cabaneiro
Raquel Hermida
Elvira Lombao Vila Javier
Geovana
Ainhoa Seijas Castiñeira

O 9 de marzo de 2021 ás 21:00 horas en primeira convocatoria e ás 21:30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.
2. ESTADO DE CONTAS.
3. PROPOSTA DE TRABALLO COS PROTOCOLOS EDUCATIVOS: UNHA CAMPAÑA NAS REDES?
4. PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DOUTRAS ACTIVIDADES EX: CHARLAS SOBRE XESTIÓN DE ANPAS, COLEXIO DE FISIOTERAPEUTAS.
5. ACORDO DE CONTRATAR MÁIS CAPACIDADE PARA TRABALLAR NA NUBE.
6. ANÁLISE DO RESULTADO DO CONCURSO.
7. ANÁLISE ENQUISAS DO PLAN ESPECÍFICO PARA O RURAL E IDEAS IPARA ORGANIZACIÓN DE FOROS.

8. PROBLEMÁTICA ACTUAL NOS COLEXIOS DA PROVINCIA: BAAMONDE, BARALLA, NAVIA, COUREL, PASTORIZA E LUGO CIDADE.
9. RESUMO XUNTANZA COA ONG PROVIVENDA POLO INTERESE QUE POIDAR TER PARA AS ANPAS DO RURAL.
10. RENOVACIÓN/NOMEAMENTO DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE LUGO.
11. PREGUNTAS E SUXESTIÓNS.
1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

Aprobase por unanimidade a Acta do 8 de febreiro de 2021.

2. ESTADO DE CONTAS.

Na actualidade temos 3025€ na conta.

Xa se presentou toda a xustificación da subvención na Deputación de Lugo e saldouse a débeda de 10000€ con Isabel Calvete.

3. PROPOSTA DE TRABALLO COS PROTOCOLOS EDUCATIVOS. Estaba

programado facer antes da pandemia unhas xornadas polos protocolos educativos. Os temas para as charlas eran "Síndrome de Down e identidade de xénero". Non se puido realizar as xornadas pero si as charlas.

Precisamos ponentes para a charla de síndrome de Down e proponse preguntar en Atención Temprá.

Faise a proposta de facer cartaces para amosar a existencia dos protocolos, se non se fai dende ANPAS GALEGAS farase dende FAPACEL.

Plantéxase unha dúbida: "hai algo recollido nos protocolos educativos sobre a música o emisoras de radio que se escoitan no transporte escolar durante o traxecto ao centro educativo?"

4. PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN DOUTRAS ACTIVIDADES EX: CHARLAS SOBRE XESTIÓN DE ANPAS, COLEXIO DE FISIOTERAPEUTAS.

Dende Anpas Galegas impartensen charlas de xestión de ANPAS dirixidas a tódalas Directivas. A primeira charla que se realizou vía telemática foi "Consellos Escolares", dada a gran acollida faranse tres charlas máis: Fiscalidade para ANPAS, Libro de Actas e Libro de socios. As datas serán os luns a partir de abril. Concretarase data e hora.

Contactarase novamente co Colexio de Fisioterapeutas para organizar charlas online.

5. ACORDO DE CONTRATAR MÁIS CAPACIDADE PARA TRABALLAR NA NUBE.

Acordase por unanimidade contratar maior capacidade no Drive, o que ten un custo a Federación de 20€ anuais.

6. ANÁLISE DO RESULTADO DO CONCURSO.

Participaron uns 40 alumnos/as no concurso "Pintar coas gafas lilas". Proponse que o xurado sexa a Plataforma Feminista de Lugo e o Observatorio da Mariña, xa que facilitaron os agasallos para os gañadores.

A entrega de premios será o 10 de abril 2021 na Asamblea Xeral de FAPACEL, sempre que as condicións sanitarias permitan a celebración.

Hai varias propostas para a celebración da Asamblea: Salón de Actos da Deputación de Lugo, realizala en Outeiro de Rei coa visita a "aldea das formigas"... Aínda está por determinar tódolos detalles organizativos da Asamblea.

7. ANÁLISE ENQUISAS DO PLAN ESPECÍFICO PARA O RURAL E IDEAS PARA ORGANIZACIÓN DE FOROS.

Recibíronse unhas 600 enquisas, aínda non se analizaron os resultados. Hai que organizar 4 foros e precísase xente non vinculada as ANPAS pero que teñan relación coa educación no rural.

- a) FORO 1: Definición da contorna na educación: dende dentro e dende fora.
- b) FORO 2: Potencialidades do rural1: Intentar superar o que hai. c) FORO 3: Lingua e cultura.

d) FORO 4: Que temos que resolver para termos o rural que queremos.

Xurden as propostas como ponentes para algún foro: Mario e Xabier Bruña pero aínda está en proceso organizativo.

8. PROBLEMÁTICA ACTUAL NOS COLEXIOS DA PROVINCIA

a) BARALLA: Denéganlles de novo o cambio de horario lectivo. A ANPA está desanimada.

b) NAVIA: Non hai novas.

c) COUREL: Vaise facer un plan novo debido a problemática co transporte escolar.

d) PASTORIZA: Teñen un problemas co transporte escolar. O alumnado que remata os estudos de secundaria no IES da Pastoriza e van realizar o bacharelato a Meira non teñen transporte escolar. Están estudando a situación e as posibles solucións.

e) SAN XILLAO: Puxeron carpas para que o alumnado poida saír ao patio na hora de lecer.

Plantexase a dúbida: se algún/a alumno/a non pode asistir a clase nun longo periodo de tempo, cómo debe proceder para seguir co seu aprendizaxe?, non se pode facer uso das clases online, como no confinamento?

f) LUIS PIMENTEL: Solicitaron reunión coa Federación para asesoramento.

g) PARADAI: Disolveuse a ANPA.

9. RESUMO XUNTANZA COA ONG PROVIVENDA POLO INTERESE QUE POIDAR TER PARA AS ANPAS DO RURAL.

Elvira enviará por mail o resumo da Xuntanza.

A ONG busca zonas rurais para mandar a familias con nenos/as e poder conseguir vivenda e traballo para as familias.

10. RENOVACIÓN/NOMEAMENTO DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE LUGO.

Precisamos unha persoa máis como representante no Cosello Escolar Municipal.

Farase a proposta a Eva da Anpa de Casás.

11. PREGUNTAS E SUXESTIÓNS.

Representante ANPAS GALEGAS: Proponse cambiar de representante de FAPACEL en ANPAS GALEGAS por incompatibilidade horaria para as xuntanzas. Acórdase seguir como ata agora.

A xuntanza coa Confederación é o primeiro venres cada dous meses.

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

Asistentes:

Isabel Calvete Carrera Montse Cabaneiro
Raquel Hermida
Elvira Lombao Vila Javier Luaces
Dorotea Paz Cortiñas Adela Soler Quiroga
Ainhoa Seijas Castiñeira

Orde do Día:

O 16 de abril de 2021 ás 20:30 horas en primeira convocatoria e ás 21:00h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.
2. ESTADO DE CONTAS
3. ACORDO PARA PEDIR SUBVENCIÓN DA XUNTA
4. ANÁLISE DAS ACTUACIÓNS COA ANPA DE BAAMONDE E IDEAS PARA MÁIS ACTUACIÓNS
5. CHARLAS DE XESTIÓN DE ANPAS, DO COLEXIO DE FISIOTERAPEUTAS E DE COGAMI
6. FOROS RURAL
7. POSIBLES ACTIVIDADES PARA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS
8. ROGOS E PREGUNTAS
1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

Aprobase por unanimidade a Acta do 8 de febreiro de 2021.

2. ESTADO DE CONTAS.

Na actualidade temos 2003€ na conta. Fai aproximadamente un mes entregouse tódolos papeis para cobrar a subvención da Deputación. Falta por ingresar 2000€ da subvención porque a persoa da deputación que tramita o expediente está de baixa da persoa.

Suxírese pedir unha xuntanza presencial coa área de Cultura da deputación para explicarlles a situación e que nos den solucións.

3. ACORDO PARA PEDIR SUBVENCIÓN DA XUNTA

Acórdase por unanimidade facer a presentación de solicitude a subvención da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional referida as axudas *para financiar as actividades das confederacións e federacións de nais e pais do alumnado, e das asociacións de nais e pais do alumnado de centros de educación especial, para o ano 2021.*

4. ANÁLISE DAS ACTUACIÓNS COA ANPA DE BAAMONDE E IDEAS PARA MÁIS ACTUACIÓNS

A valoración da participación nos actos organizados para rexeitar o peche do cole de Baamonde é moi positiva.

O vindeiro martes ás 20:30h, teremos unha xuntanza coa Directiva da Anpa de Baamonde para falar de futuras accións.

5. CHARLAS DE XESTIÓN DE ANPAS, DO COLEXIO DE FISIOTERAPEUTAS E DE COGAMI

As charlas de Xestión de Anpas impartida por Fernando Lacaci, presidente de Anpas Galegas, están tendo moi boa aceptación polas Anpas participantes. O vindeiro luns (19 de abril de 2021) terá outra charla de libro de contas e fiscalidade. Dada a gran demanda repetirase a charla o luns 26 de abril.

As charlas do Colexio de Fisioterapeutas están datadas para o 22 de maio de 2021 e o 18 de xuño de 2021. Participarán neurólogos e fisioterapeutas pediátricos e un optometrista. Eles encárganse de facilitar a plataforma para a charla e fan os cartaces.

A charla de Síndrome de Down está pendente de confirmar data, propónse 7 de maio ás 20:30h. Falta por concretar si o cartaz o fan eles o a Federación.

6. FOROS RURAL

Os foros teñen que estar organizados para finais de maio. Está no Drive toda a información e ideas.

Xa están os resultados da enquisa feita por Anpas Galegas.

Un estudante de fin de máster ofreceuse a buscar a Normativa Europea para complementar o traballo do plan específico rural.

7. POSIBLES ACTIVIDADES PARA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Xurde a idea de facer un conto entre tódalas Anpas coa temática das letras galegas.

O conto empezárase cunha frase que as persoas da Anpa deben completar cunhas 100 ou 150 palabras máis e despois a seguinte Anpa que participe seguirá ese fío. Finalmente teremos un conto que publicárase o día das Letras Galegas.

Aínda temos que dar forma a idea e crear as bases para participar.

8. PREGUNTAS E SUXESTIÓNS

A Consellería propuxo cambio de calendario escolar. O vindeiro luns 19 de abril terá lugar unha xuntanza en Santiago coas dúas Confederacións para tratar o tema.

Prégase compartir nos grupos tódalas informacións que publicamos como Federación.

Sen máis temas a tratar, remata a sesión ás 22:30h.

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

primeira convocatoria e ás 20:30h en

segunda, reúnese a Xunta Directiva da

Asistentes:

Isabel Calvete Carrera Montse Cabaneiro

Elvira Lombao Vila

Leticia Gutiérrez González Geovana Trelles

Alonso Ainhoa Seijas Castiñeira

FAPACEL de xeito telemático empregando

Skype, coa asistencia dos membros que

aparecen no marxe e coa seguinte:

Orde do Día:

O 18 de maio de 2021 ás 20:00 horas en

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.
2. ESTADO DE CONTAS.
3. ENVÍO DOCUMENTACIÓN ANPAS.
4. CONCLUSIÓN DAS ASAMBLEAS SOBRE O CALENDARIO ESCOLAR
5. PROPOSTA DE DAR PUBLICIDADE A ACTIVIDADES DEPORTIVAS 6.
- PREGUNTAS E SUXESTIÓNES.

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

Aprobouse por unanimidade a Acta do 8 de febreiro de 2021.

2. ESTADO DE CONTAS.

Actualmente temos un saldo na conta de 1004€.

Esta mañá chamaron da Deputación porque incorporouse Elena. Intentará axilizar os pagos pendentes das subvencións.

3. ENVÍO DOCUMENTACIÓN ANPAS.

Acórdase enviar ás ANPAS a información recollida na Acta da Asamblea Xeral (30 Abril 2021) sobre as cotas de afiliación, e número de conta para domiciliar o pago. O pago da cota de afiliación a FAPACEL realizarase dende 1 ata o 15 de xullo de 2021.

Enviarase a tódalas ANPAS un tríptico explicativo da Federación: funcións e traballo que realizamos dende FAPACEL, membros da Xunta Directiva, teléfonos de contacto, mail. Ademais adxuntaremos un breve resumo da memoria anual do traballo feito dende a Federación neste último curso.

4. CONCLUSIÓN DAS ASAMBLEAS SOBRE O CALENDARIO ESCOLAR.

Convocáronse 4 Assembleas coas ANPAS repartidas por zonas. (Montaña, Lugo Sur, Lugo cidade, Centro e Mariña). O máis significativo foi a escasa participación nelas, situación que repítese no resto de Federacións. A Asamblea con máis asistencia foi a convocada coas ANPAS de Lugo cidade.

As conclusións obtidas foron:

a) A convocatoria de exames en setembro é mala opción para o alumnado. b) Si se cambia o calendario escolar, pedir que a convocatoria de exames extraordinaria sexa en xullo tendo 3 ou 4 semanas previas de reforzo co mesmo profesorado para preparar dita convocatoria.

5. PROPOSTA DE DAR PUBLICIDADE A ACTIVIDADES DEPORTIVAS. Dada a

escasa participación das ANPAS nas actividades ofertadas por FAPACEL, proponse:

Organizar un calendario coas datas para realizar as actividades que sexan abertas para tódalas ANPAS e dar un prazo de inscrición (para anotarse,pódese empregar formularios Google).

As actividades repartiríanse:

- a) 1º Trimestre: Xestión de ANPAS e competencias dixitais.
- b) 2º Trimestre: Educación emocional, trastornos alimentarios, educación sexual, igualdade....
- c) 3º Trimestre: Actividades relacionadas coa tradición e a cultura. Pódese falar con Tradescola, ou organizar semana do cine na zona rural, teatro....

As actividades do terceiro trimestre, valorarase poder facelas presenciais.

A Deputación ten un programa para levar o cine ao concello da Asociación que o solicite e encárgase de tódala organización.

A asociación FADEMUR (Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia) queren facer actividades conxuntas con nós. Convocaremos unha xuntanza para determinar o tipo de actividades e ver a viabilidade da proposta.

O Club de Béisbol e Rugby queren que publicitemos o seu deporte. Dado que a Federación non fai publicidade deste tipo, propoñemos organizar a finais de setembro ou principios de outubro, unhas xornadas de portas abertas polas distintas zonas de Lugo para dar a coñecer diferentes deportes e ter a oportunidade de practicalos sempre que saian grupos de nenos/as e as tarifas sexan axeitadas. Acordamos falar coa Deputación de Lugo sobre este tema.

A Asociación contra o cancro queren que difundamos a tódalas ANPAS a campaña antitabaquismo para que firmen a petición para ter espazos libres de fumes e enviarlla a ministra de sanidade.

A ANPA de San Xillao púxose en contacto coa Federación para comentar que solicitaron a apertura dunha aula nova o vindeiro curso para 18 alumnos por falta de prazas e a resposta que obtiveron foi que abren unha aula pero no IES Lucas Augusti.

A ANPA de San Xillao falará co resto de ANPAS de LUGO, estamos a espera de saber as súas opinións.

Ante esta situación, pódese solicitar unha xuntanza coa Xefa Territorial para saber os motivos polos que tomaron esa decisión e consultar si pódese pedir a apertura dunha aula nun centro adscrito coa finalidade de evitar longos desprazamentos do alumnado.

Á ANPA de Becerreá coméntanos que este ano queda paralizado o cambio de xornada escolar porque non hai suficiente orzamento para pagar o aumento do importe as empresas do transporte. Esta decisión afecta ao colexio de Becerreá e IES e colexio de Nogais.

Ainhoa Seijas comenta que o día 11 de maio 2021, presentou a súa dimisión na ANPA CEIP Monterroso.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 22:00h.

A secretaria A Presidenta

Asdo. Ainhoa Seijas Castiñeira Asdo. Isabel Calvete Carrera

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

Asistentes:

Isabel Calvete Carrera
Montse Cabaneiro
Elvira Lombao Vila
Leticia Gutiérrez González
Geovana Trelles Alonso
Ainhoa Seijas Castiñeira

O 2 de xuño de 2021 ás 20:30 horas en primeira convocatoria e ás 21:00h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

ORDE DO DÍA

- 1. MEMORIA ACTIVIDADES PARA PROMOCIONAR O DEPORTE XUNTO COA DEPUTACIÓN.**

2. PROPOSTA CURSO XESTIÓN DE ANPAS.

1. MEMORIA ACTIVIDADES PARA PROMOCIONAR O DEPORTE

XUNTO COA DEPUTACIÓN.

Acórdase organizar unhas xornadas de portas abertas para dar a coñecer distintos deportes coa finalidade de poder practicalos o longo do curso sempre que haxa un número mínimo de participantes. As xornadas realizaranse a finais de setembro ou principios de outubro e que poderán acudir tódalas familias. A Deputación dotará o que precisemos para realizar estas actividades.

Para levar a cabo as xornadas precisamos:

- a) Facer trípticos explicativo dos deportes, coa convocatoria, información básica e contacto de tódolos clubs que colaboran.
- b) Falar cos clubs para saber que é o que necesitan para realizar estas xornadas. Pódense ofertar 3 deportes pola mañá e outros 3 pola tarde.
- c) Detalles para os nenos/as co lema das xornadas (aínda sen concretar definitivamente, aínda que se baralla “FAPACEL POLO DEPORTE” , “SOMOS RURAL NO DEPORTE”).

Para unha mellor organización, subírase o Drive un arquivo para ir anotando ideas, teléfonos de interese, deportes ou clubs interesados en realizar estas xornadas.....

2. PROPOSTA CURSO XESTIÓN DE ANPAS.

Faise unha proposta de ofertar ás ANPAS unha APP de xestión de ANPAS para facilitar o traballo ás Directivas.

Queda pendente de consultar a Fernando a viabilidade de esta proposta e si é viable temos que negociar prezo para ofertar a APP ás ANPAS.

3. ENVÍO DOCUMENTACIÓN ANPAS.

A documentación para pagar a cota e o tríptico explicativo de que é FAPACEL e que é unha ANPA , enviarase a mediados de xuño por mail.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 22:00h.

A secretaria

A Presidenta

Asdo.Ainhoa Seijas Castiñeira

Asdo. Isabel Calvete Carrera

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

Asistentes:

Isabel Calvete Carrera Montse Cabaneiro
Elvira Lombao Vila Geovana Trelles Alonso
Ainhoa Seijas Castiñeira Dorotea Paz
Cortiñas Raquel Hermida
Manzaneque

Orde do Día:

O 21 de xuño de 2021 ás 20:30 horas en primeira convocatoria e ás 21:00h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR
2. ESTADO DE CONTAS
3. XORNADAS DE PROMOCIÓN DO DEPORTE: ESTADO ACTUAL
4. TESOURERÍA
5. COMISIÓN DE ESCOARIZACIÓN: CONVOCATORIA ÁS ANPAS LUGO CIDADE
6. ESCRITOS PRESENTADOS RECENTEMENTE: EDIXGAL, COMPRA MATERIAL POR PARTE DO PROFESORADO, APP DE PAGO. 7.

PREGUNTAS E SUXESTIÓNS

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase por unanimidade a Acta 2 xuño 2021.

2. ESTADO DE CONTAS

Na actualidade temos 700€ na conta. Estamos pendentes do pago da Deputación de Lugo.

Elvira este mes non pode cobrar a nómina por falta de remanente na conta.

3. XORNADAS DE PROMOCIÓN DO DEPORTE: ESTADO ACTUAL As

xornadas de promoción do deporte realizaranse a finais de setembro ou principios de outubro 2021. Farase unha xornada por zona nos seguintes lugares: O Incio, Chantada, Cospeito (Falta a Mariña por concretar zona). Debemos preguntar ás Anpas, cantas persoas teñen previsto que asistan para facer camisetas...e así organizar mellor o evento. Xa empezamos a pedir presupostos.

4. TESOURERÍA

O Rexistro de Asociacións aínda non enviou o certificado de cambio da Xunta Directiva e de momento non se puido facer efectivo o cambio de tesoureira no banco. Si precisamos facer algún movemento, falaremos coa anterior tesoureira para que nos axude ata que esta situación se arranxe.

5. COMISIÓN DE ESCOLARIZACIÓN: CONVOCATORIA ÁS ANPAS

LUGO CIDADE

Doris explícanos como foi a xuntanza coa Comisión de escolarización (pódese consultar o resumo feito por Doris, da xuntanza coa comisión de escolarización do 10 de xuño de 2021).

Debe facerse unha xuntanza coas Anpas de cidade a principios de xullo.

Pódense pensar ideas de escolarización a parte do mapa, facer un díptico co resumen das ordes.....

6. ESCRITOS PRESENTADOS RECENTEMENTE: EDIXGAL, COMPRA MATERIAL POR PARTE DO PROFESORADO, APP DE PAGO.

Dende a Confederación de ANPAS Galegas presentáronse varios escritos recentemente: un de Edixgal, outro da compra de material por parte do profesorado e outro sobre a APP de pago que se usan ou se propoñen as familias usar no colexio. En canto teñamos resposta por parte da Consellería, enviarase as respostas non só as Anpas asociadas se non tamén a tódalas direccións dos centros educativos.

Na actualidade estase preparando unha enquisa con estes temas.

7. PREGUNTAS E SUXESTIÓNS

- Anpa Portomarín: Plantexa si existe a posibilidade de pagar a cota de afiliación en setembro dado que agora mesmo non teñen suficiente remanente na conta para afrontar este pago. A resposta é que si, e que si poden facer o pago antes de setembro moito mellor.
- A proposta que se fixo na anterior xuntanza para ofertar ás ANPAS unha APP de xestión da ANPA, pode que resulte inviable dado o custe da aplicación e de mantemento.
- Enviarase ás ANPAS e a Xefa Territorial unha carta de remate do curso e as ANPAS comunicaremos que a collemos vacacións dende o 23 de xuño ata o 1 de xullo 2021.

Sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 22:00h.

A secretaria

A Presidenta

Asdo.Ainhua Seijas Castiñeira

Asdo. Isabel Calvete Carrera

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA XUNTA DIRECTIVA DA FAPACEL

En Lugo, o 14 de setembro de 2021 ás 21.00 horas, a través da plataforma SKYPE, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL coa asistencia dos membros que aparecen no marxe e coa seguinte:

Asistentes:

- Isabel Calvete Carrera
- Montserrat Cabaneiro Rego
- Leticia Gutiérrez
- Raquel Hermida Manzanegue
- Javier Luaces Maira
- Dorotea Paz
- Elvira Lombao Vila
- Geovana Trelles Alonso

Orde do día:

1. Estado de contas
2. Actividades pendentes para este ano
3. Proposta de actividades para o ano que ven
4. Px. Web
5. Xornadas de `promoción do deporte no rural
6. Resposta das anpas aos recortes
7. Preguntas e suxestións

Estado de contas

1. Estado de contas: 5.188 €

2. Actividades pendentes para este ano:

Temos pendente a de RCP para as anpas que a tiñan solicitado durante o curso pasado

Tamén temos pendente as de igualdade con Branca Villares.

3. Proposta de actividades para o ano que ven

Acordamos facer as actividades online, excepto as de tradicional.

Voltaremos a facer actividades de igualdade: Leticia propón unha campaña: “CO NOME DE MULLER”, consistente en charlas para dar visibilidade a mulleres deportistas, científicas ou de profesións minoritarias. Acordamos facer unha carpeta no Drive para aportar ideas para esta campaña.

“Actividades de desenrolo sexual e sexualidade”. Doris propón falar co colexio de enfermería de Lugo

“Como entenderse coas adolescentes”, sería outra das charlas que se podería facer. Consultar co CEFORE e con Laura Pardeiro.

4. Renovación páxina web

Aprobase por unanimidade a renovación da páxina web co presuposto de 400€

5. Xornadas “SOMOS RURAL, SOMOS DEPORTE”

As datas das xornadas serán:

25 de setembro Bóveda

02 de outubro Cospeito

09 de outubro Chantada

16 de outubro Alfóz

6. Respostas das anpas aos recortes

7.En rogos e preguntas:

Raquel apunta que no IES de Alfoz teñen problemas coas optativas.

Montse di que en Abadín parece que lles quitan unha ruta de transporte a partires de xaneiro.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 22.00 horas

Presidenta

Isabel Calvete Carrera

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 15 de outubro de 2021 ás 21:00 horas en primeira convocatoria e ás 21:30h en segunda, reúnese a Xunta Directiva da FAPACEL de xeito telemático empregando Skype, coa asistencia dos seguintes membros e coa seguinte:

Isabel Calvete Carrera
Montse Cabaneiro
Raquel Hermida
Elvira Lombao Vila
Javier Luaces
Ainhoa Seijas Castiñeira

Orde do Día:

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR
2. ESTADO DE CONTAS
3. ACTIVIDADE: “CO NOME DE MULLER”
4. ACTIVIDADE: “COMO COMPRENDER AOS ADOLESCENTES
5. PÁXINA WEB
6. PREGUNTAS E SUXESTIÓNS.

Comeza a sesión ás 21:00 horas

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase por unanimidade a acta anterior.

2. ESTADO DE CONTAS

O saldo actual é de 4630€. Faltan 12000€ dos 15000€ por ingresar e falta de tamén o ingreso da subvención de igualdade.

Acórdase facer un escrito para a Deputación que recolla que só temos que presentar as facturas antes do 31 de decembro, os pagos pódense xustificar máis tarde.

As xornadas “somos rural, somos deporte” están pendentes de pago.

3. ACTIVIDADE: “CO NOME DE MULLER”

A idea é facer unhas charlas nos centros educativos con distintas mulleres. Unha opción é Pilar Neira (deportista). Se non temos máis persoas para facer as charlas, cambiaremos a actividade.

4. ACTIVIDADE: “COMO COMPRENDER AOS ADOLESCENTES

Proponse a Laura Pardelo como ponente para facer as charlas, se algunha temática non a pode impartir ela temos que buscar outra alternativa como por exemplo falar co Colexio de Enfermaría de Lugo.

As charlas que máis nos gustan son:

- sexo e adolescencia saíndo dos tabús.
- O coidado da autoestima na adolescencia.
- Prevención do suicidio.

5. PÁXINA WEB

Temos no correo a proposta para a web da Federación, Leticia formulou no drive ideas para engadir.

6. PERGUNTAS E SUXESTIÓNS.

A ANPA de Baamonde púxose en contacto coa Federación por problemas co

transporte escolar.

Suxírese organizar unha etapa do camiño de Santiago como actividade do 25N.

Fálase de facer a primeira etapa do camiño ou parte dela o 20 de novembro ou o 27.

Pódese levar coches escoba e finalizamos a etapa cun xantar en Triacastela ou Samos.

A xornada pódese chamar “1ª etapa do Camiño de Santiago contra a violencia de xénero”.

Débese cobrar o seguro as persoas non socias.

Non hai rogos nin preguntas, sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 22h

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DA DIRECTIVA DA FAPACEL

O 10 de novembro de 2021 ás 21.30 en primeira convocatoria celebrouse a través de Skype a xuntanza de xunta directiva cos seguintes membros:

Isabel Calvete Carrera
Montse Cabaneiro
Elvira Lombao Vila
Javier Luaces
Ainhoa Seijas Castiñeira

E seguinte orde do día:

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR
2. ESTADO DE CONTAS
3. ACTIVIDADE SEXUALIDADE (DORIS)
4. ADOLESCENCIA (LAURA)
5. RESOLUCIÓN CONFLITOS (LAURA)
6. COMPETENCIAS DIXITAIS (LETI E RAQUEL)
7. TRADICIONAL: INICIACIÓN AO BAILE E Á PERCUSIÓN (BLANCA)
8. CAMIÑO DE SANTIAGO
9. PREGUNTAS E SUXESTIÓNS

Comeza a sesión ás 21:30 horas

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Apróbase por unanimidade a acta anterior.

2. ESTADO DE CONTAS

Actualmente hai un saldo de 2115€. Falta por ingresar o adianto da Deputación de Lugo, a próxima semana se preguntará por escrito como se encontra o proceso do adianto do pago.

Temos pendente pagar a Branca polos obradoiros e aproximadamente queda por pagar 6000€ das actividades de igualdade.

3. ACTIVIDADE SEXUALIDADE (DORIS)

Doris non veu a xuntanza e non puido informar sobre a actividade de sexualidade.

4. ADOLESCENCIA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS (LAURA)

Laura pode impartir o taller de resolución de conflitos, enviará presuposto. O resto de talleres faltan de chamar aos contactos que facilitou Laura.

5. COMPETENCIAS DIXITAIS (LETI E RAQUEL)

A actividade realizarase o primeiro trimestre do vindeiro curso.

6. TRADICIONAL: INICIACIÓN AO BAILE E Á PERCUSIÓN (BLANCA) Fálase de facer este taller para infantil e primaria de xeito presencial cunha duración de unha sesión de un par de horas.

Montse quedou encargada de pedir presuposto a unha coñecida para realizar a actividade.

7. MULLERES CIENTÍFICAS

A ponente Sonia só pode facer a charla online. Proponse organizar unha charla aberta o 11 de febreiro de 2022: día internacional da muller e da nena da ciencia.

8. CAMIÑO DE SANTIAGO

Proponse facer etapas do Camiño de Santiago menores de 15km e rematar a etapa na zona dalgunha ANPA asociada cun acto lúdico (concerto.....)

Presentarase unha memoria esta semana e falarase con algunhas asociacións para organizar este proxecto con máis calma.

NOME DO PROXECTO: Educamos e camiñamos pola igualdade.

9. PERGUNTAS E SUXESTIÓNS.

a) Isabel tivo unha xuntanza con Elena Candia.

b) Área rural terá unha xuntanza con Isabel.

c) Estamos en dúbida de organizar o concurso de postais. Ultimamente non había moita participación. Proponse algunhas ideas para seguir co concurso pero si nos vindeiros días non se ten claro, non se organizará o concurso este ano.

Non hai rogos nin preguntas, sen máis asuntos que tratar remata a reunión ás 22:30h.

A Secretaria

A Presidenta

Asdo. Ainhoa Seijas Castiñeira

Asdo. Isabel Calvete Carrera

**ACTAS DE
XUNTANZAS COAS
ANPAS E
DIVERSAS
ORGANIZACIÓNS**

Resumo da reunión coa Federación de Anpas Lugo, acerca do calendario escolar do vindeiro curso.

En líneas xerais, hai bastante consenso no da eliminación da convocatoria de setembro. Considérase que os rapaces deben ter tamén dereito a un descanso(o mes de Agosto) e às familias tamén.

Isto fai que nos replantexemos as seguintes peticións:.

Que se tomen medidas dende o comezo de curso para evitar que os alumnos cheguen a xuño con moitas materias suspensas, e que se reforce o apoio às necesidades educativas especiais.(Precisamos ter o compromiso de reforzo con máis docentes sempre e cando os centros o soliciten)

Os exames de recuperación de setembro non deberían realizarse en Xuño senón en xullo, e estar fixados xa dende o comezo do curso, con períodos de reclamación e revisión de exames.

Os reforzos ós alumnos con materiais suspensas deberían correr por conta do sistema público(co fin de garantir a igualdade de oportunidades) e ademais son os mestres os que mellor coñecen as dificultades dos alumnos/as, son os mellores profesionais para traballar con eles.

Por outra banda están os alumnos/as que aproban todo na terceira avaliación, que van a facer dende a primeira semana de Xuño??

Esto aquí exposto coincide co que a Federación e a Confederación Anpas Galegas viñan defendendo ata agora e así llo trasladaremos a consellería na seguinte xuntanza á que nos convoquen

Dorotea Paz

Vogal de FAPACEL

Xuntanza Anpas cidade Lugo

Convoca Fapacel

Tema de debate : a escolarización: os mapas, as zonas e apuntes para a mellora daqueles aspectos que consideramos que son susceptibles de cambio.

Asisten: De Fapacel (Isabel e Elvira), representantes de Anpas dos Ceip : Menendez Pelayo, As Mercedes, Virxen Da Soidade As Gándaras, Sagrado Corazón e tamén o IES Anxel Fole, e Sanxillao.

1. Breve explicación de que é a comisión de escolarización.

Tal e como se vos informou mediante resumo, o día 11 de xuño ás 10:00h. tivo lugar a comisión de escolarización, na que se deu debida explicación das asignacións subsidiarias a aqueles alumnos/as que non obtiveron a súa praza nos coles e nos institutos. No remate da xuntanza propúxosenos de facer unha nova xuntanza para abordar o tema da escolarización: das adscricións de zona a cada centro e posibles melloras. Aínda que este órgano(comisión de escolarización) non ten capacidade de decisión si pode elevar propostas. A inspectora de escolarización convocaranos a unha xuntanza para escoitar as nosas propostas.

Tema de debate:

Concordamos todos na preocupación de que os nenos e nenas non collen nos institutos, isto era algo que xa sabiamos todos que ía acontecer, porque houbo desdoblamento de liñas no Ceip Mercedes (pasouse de combinar un ano liña 1 e outro liña 2, a ser sempre liña 2. No Illa verde houbo tamén liña tres en algúns cursos)

Consecuencia de todo isto é que arredor de 30 alumnos/as non obtiveron praza no instituto escollido en primeiro lugar.

Toda esta situación vese agravada tamén polo covid, aínda que como nais e pais, estamos contentos de que as ratios nos institutos baixasen ate os 25 alumnos/as por aula.

Á xuntanza faltaron dúas anpas (Anpa da Anexa e Sagrado Corazón) que cremos están moi afectadas no apartado das solucións e propostas que se propuxeron, polo que se decide que se contactará con elas para coñecer ós seus puntos de vista, e que recollo no apartado de propostas e solucións.

Posibles solucións:

precisamos un novo instituto, aínda que non parece moi axeitado facelo na Facultade de Formación do Profesorado USC, pois cremos que prexudicaría o Ceip Anexa (cremos que precisa de máis espazos)

A maiores parece que non sería axeitado dotar á zona centro de outro instituto, cando xa se conta cunha ampla oferta nesa área da cidade.

O tráfico na zona de Ramón Ferreiro nas horas de entrada é saída de colexios e institutos, xa está suficientemente conxestionado para engadir outro instituto máis.

Recollemos tamén a opinión da Anpa da Anexa que si que quere un CPI na facultade de Formación do Profesorado da USC. Aínda que faltarían prazas para os bacharelatos.

Recollemos tamén a opinión da Anpa do Sagrado Corazón, que despois dunha loita de máis de dez anos por acadar un novo colexio desexan que sexa empregado para o fin que foi creado, un Ceip. Pero si están de acordo cun instituto na area de escolarización de Gándaras ou sagrado Corazón.

Pensando no ben común e no futuro, cremos que se precisan institutos noutras zonas da cidade (zona Sagrado Corazón ou Gándaras) que agora están afectados pola falla de prazas no Sanxillao. Tamén se podería pensar incluso en unificar eses dous coles e aproveitar un deles para convertelo en Instituto. Outra opción sería construír un novo instituto na zona de Fingoí.

Outra cuestión que creemos relevante a hora de ter un novo instituto é a cuestión dos transportes. Dende a Federación de Anpas pensamos que é fundamental que se deseñe tamén ese servizo.

De cara o futuro inmediato cremos que se debe pensar en facer dobres adscricións de Ceip a IES, como por exemplo Ceip Mercedes ou Illa Verde, que a súa zona de influencia se estende ata a Anexa; de tal xeito que o alumnado poida escoller entre dous centros cando deixa a etapa de primaria.

Outras cuestións que cremos que se deberían impulsar dende a escolarización:

1. Campaña de matriculación en centros públicos con datas dos prazos que teñen para presentala documentación.
2. Elaborar un único modelo de matriculación que inclúa unha guía para nais e pais de como cubrir o impreso, cantos puntos teñen para cada centro, que erros non deben cometer (este documento pode elaborarse dende a experiencia de anos e anos de ver como as familias as veces equívócanse sistematicamente nas mesmas cuestións)
3. Solicitar ás direccións dos centros a que fagan xornadas de portas abertas previas a preinscripción, coordinadas co resto dos centros da cidade para que podan

acudir a coñecer o centro, o proxecto educativo, os servizos. As familias buscamos o contacto humano co equipo docente ou o equipo directivo.

Tal e como podedes ver neste documento non acadamos un consenso, para trasladar a comisión de escolarización unha única proposta (no relacionado coa nova localización dun novo instituto), polo que debemos analizar todo o documento e falar coas nosas xuntas directivas, pois precisamos unha única proposta que sexa beneficiosa para toda a comunidade educativa da cidade de Lugo.

Reciba un cordial saúdo

Dorotea Paz



Vogal da FAPACEL

RESUMEN DA REUNIÓN COA ANPA DE BAAMONDE DO 24-02-2021

Reunión on line as 19:30

Asistiron:

Moncho Parapar da directiva da comunidade do monte (supoño MVMC) de Baamonde, Hugo Parapar , Luis (presidente da AAVV), Juan Manuel Franco , presidente da Anpa, Luis Álvarez, parlamentario, Susana do PSOE de Begonte, Paula da Anpa e máis eu como representante da FAPACEL.

A anpa plantexaba coma actuación reivindicativa intentar facer a preinscripción no colexio de Parga, no caso de que pechara o de Baamonde, e preguntaban cales podían ser as consecuencias; Luis (que tamén es inspector) explicou o que dicía a normativa . Quedaron un pouco chafadas. Plantexaban tamén coller un avogado para denunciar a situación e pedían axuda á comunidade do monte para pagalo. Luis díxolles que había moi poucas posibilidades de gañar pero que tiñan que facelo. O representante da comunidade do monte non o tiña tan claro.

O PSOE vai levar o tema outra vez ao Parlamento como proposición non de lei pero non explicou máis.

Falouse de pedirlle cita ao Conselleiro e tamén ao delegado da Xunta en Lugo.

Dentro das ideas para movilizacións planteé que aproveitaran o que estaban a preparar a anpa de Baralla para facer algo o mesmo día.

Falaban de volver a facer as concentracións os domingos.

Trasladeilles o noso apoio e o da confederación e que estabamos a súa disposición.

Pouco máis.

RESUMEN DA XUNTANZA DO DÍA 20-04-2021 COA ANPA DE BAAMONDE

Hora: 20:30

Plataforma: Skype

ASISTENTES:

Isabel Calvete Carrera

Montserrat Cabaneiro

Paula Iglesias

Gemma

Elvira Lombao

Falamos de organizar conxuntamente posibles mobilizacións. Comentaron o que tiñan xa en marcha: un vídeo coas colaboracións de xente da cultura e outro cos nenos xogando no colexio

- Propuxémoslles a idea de Elvira de facer a etapa do camiño norte que debera pasar por Baamonde, organizando conxuntamente a federación, a anpa e a asociación de veciños. Pareceulles ben e ían falar coa AAVV. Puxemos coma posible data o 9 de maio.
- Propuxémoslles tamén solicitar a apertura dun colexio en Baamonde polo número de alumnos que teñen. Quedamos en buscar nós o procedemento para solicitalo. Obviamente coma medida propagandística.
- Falamos de publicitar a mesa redonda do día 29 en Vilalba organizada polo Instituto de Estudos Chairegos
- Animámoslas a participar na actividade que temos pensada para o día das letras galegas
- Tamén falou-se da posibilidade de organizar un mercadillo e un concerto. Iso teñen que darlle unha volta.

Rematamos a xuntanza ás 22:00 .

RESUMEN DA XUNTANZA CON VERÓNICA MARCOS, PRESIDENTA DE FADEMUR GALICIA DO DÍA 22 – 04

Hora: 12:30

Lugar: Oficina de Unións Agrarias-Lugo

Pedinlle eu esa reunión para falar do que pretendemos facer co plan educativo para o rural para contar coa súa colaboración . Ofreceuse a participar no segundo foro , na parte de política agraria para falar dos proxectos de emprendemento de mulleres no rural.

Tamén comprometeuse a falar con José Mouriño, responsable da construción de boa parte dos consellos reguladores e que podería compartir tema con ela.

Por outra banda ofreceuse a colaborar con nós no que precisáramos.

RESUMEN XUNTANZA COA PRESIDENTA DE FADEMUR GALICIA

DÍA: 21-06-201

HORA:11:00

LUGAR: LOCAL DO SINDICATO UNIÓN AGRARIAS, LUGO

A reunión era para intentar unha colaboración connosco para promocionar os produtos de proximidade nos comedores escolares por unha banda e por outra para ver si era posible impartir charlas nos coles sobre a importancia da agricultura e a gandería no mundo rural así coma dos proxectos de emprendemento que estanse a desenvolver no rural.

Tamén falamos da necesidade de traballar conxuntamente na defensa do rural e través dos colexios. Díxome que tiñan pedida unha reunión co conselleiro e falamos que unha forma de promocionar os produtos de proximidade era que estiveran coordinados a consellería de Medio Rural coa de Educación, e vai levar ese tema á xuntanza.

Falamos da necesidade dunha campaña transversal do mundo rural e de traballar conxuntamente ,nós dende educación evidentemente.

Vannos informar das conclusións da reunión que teñan co conselleiro e quedamos en que ían pensando nunha programación de charlas para impartir nos colexios. Isto é probable que o fagamos a nivel confederación xa que FADEMUR ten asociadas das provincias de Lugo, Pontevedra e Coruña. Volveremos a falar ao inicio do curso.

RESUMEN DA XUNTANZA COA CONSULTORÍA COEDUCA 4-03-2021 NO LOCAL DA FEDERACIÓN

Pedíronnos una xuntanza para presentarse e ter unha primeira toma de contacto. Explicounos por enriba cal era a súa actividade na coeducación, que basicamente consiste en charlas ,obradoiros e e elaboración de guías. Pareceunos interesante e seria.

Achegamos a información que enviou despois ao correo electrónico. Penso que é unha boa opción a ter en conta para organizar as próximas actividades.

RESUMO DA XUNTANZA COA DEPUTADA PARLAMENTARIA CARME AIRA 8/04 ás 11:00 no local da Federación.

A reunión foi para falar da situación do ensino no rural, en principio ela preguntou polos problemas dos colexios da montaña e dixémoslle que eran practicamente os mesmos que os do resto do rural e que nós traballábamos por los coles de todo o rural, non só da montaña.

Falamos da concentración de cursos nunha soa aula, do transporte do alumnado preuniversitario do rural e da limitación que supón non ter vertebrado o territorio para que este alumnado poida seguir cos seus estudos sen ter que abandonar o rural, tamén falamos da dificultade de organizar e ter actividades complementarias e da desigualdade que isto supón.

Ofreceuse a colaborar con nós nestes temas e a intentar levalos ao Parlamento, dixémoslle que estabamos traballando na petición dun plan específico educativo para o rural e que a intención era pasarllelo a tódolos partidos para que o utilizaran e intentar conseguir algo.

Unha reunión muy agradable pero tamén me deu a impresión de que non tiñan moita idea da situación real.

RESUMEN DA XUNTANZA NA DEPUTACIÓN

Día 4 de maio ás 12:30

Asistentes: Doris, Isabel

Esta xuntanza pedímolos para intentar atopar unha explicación e unha solución ao problema que temos polo retraso do noso expediente da subvención nominativa, tanto no que temos pendente do ano 2020 (2000 euros) como o da firma do convenio deste ano que aínda está sen firmar.

A resposta foi que o problema que tiñan era que a persoa que lle tocaba tramitar o noso expediente estivo de baixa e non había máis persoal até agora.

A partir destes días contan con que a traballadora se incorpore e tamén cunha nova persoa para sacar adiante os expedientes. Comprometeronse a intentar axilizar todo o posible o tema. Pedímoslles que estableceran uns prazos que a nós nos facilitarían a organización interna, pero iso non o ven claro (máis ben non se ven capaces de asumilos).

RESUMEN DA XUNTANZA DO DÍA 26-05-2021 CO DEPUTADO PROVINCIAL DE DEPORTE

LUGAR: Deputación Provincial de Lugo

Hora: 10:00

Asistentes: Deputado (Efrén) , o seu asesor , Elvira , Isabel

Esta xuntanza pedímoslla nós para intentar acadar unha colaboración á hora de promocionar o deporte entre as anpas. Propuxémoslle organizar unhas xornadas para achegar os deportes minoritarios (calquera que non sexa fútbol ou baloncesto) as anpas do rural que son as que menos opcións teñen.

Pareceulles ben a idea e pediron que presentáramos un proxecto co que queremos exactamente da Deputación .

Falounos que estaban preparando unha liña de subvencións para anpas para organizar actividades deportivas e dirixida ás anpas do rural e que en canto o teñan máis o menos preparado , chámannos para pedirnos opinión.

Tamén nos comentaron que estaban preparando un programa de actividades para achegar a artesanía ás anpas de toda a provincia (tema que xa tratáramos antes da pandemia).

Unha reunión moi cordial.

RESUMEN DA XUNTANZA CO CLUB DE BÉISBOL LUME

DATA: 18-05-2021

LUGA: CEI NODUS

ASISTENTES: Germán del club, Elvira, Leticia , Isabel

Propón que fagamos publicidade do seu deporte e do seu club a través da federación.

Plantexa a actividade como extraescolar , co número de nenas e nenos mínimo de 9 que poderían entrenar repartidos en idades de 6 a12 e de 12 a 16. Están dispostos a levar este deporte ao resto da provincia.

Explicámoslles que como club non podemos darlles publicidade a través da federación pero que si estabamos buscando a fórmula para promocionar os deportes minoritarios coma este e que estaríamos en contacto.

RESUMEN DA XUNTANZA EN EDUCACIÓN COA ANPA DE BECERREÁ

DATA: 13 -05

HORA-10:00

SITIO: Multiusos de Lugo

ASISTENTES: Isabel Calvete , Leticia Gutierrez coas responsables de Transportes

Levabamos a pregunta de por qué se paralizou o proceso iniciado no colexio de Becerreá de cambio de xornada.

Explicaron que existe unha cláusula nos contratos de transporte do ano 1998-1999 que di que no caso de cambio de xornada incrementárase o prezo a pagar aos transportistas nun 20 por cento. Dende a delegación de Lugo solicitouse aos transportistas que renunciaran voluntariamente a esa subida xa que doutro xeito non se podería autorizar o cambio ao supor un incremento económico. Este procedemento de renuncia non ven contemplado en ningures, é un xeito de poder autorizar os cambios de xornada un tanto irregular pero que , estando todos de acordo, podería aceptarse.

Un dos transportistas non firmou esa renuncia polo tanto no é posible que o informe sexa favorable. Por outra banda dixéronnos que as direccións dos centros afectados (Nogais,Becerreá e o IES de Becerreá) estaban enterados desta situación dende o primeiro momento e polo tanto sabían que a solicitude non ía a prosperar.

Recoñeceron que esa cláusula era inxusta e podería prexudicar ás familias.

Tamén se nos informou de que o proceso de licitación de transporte está a piques de saír , moi probablemente este mes, e nese caso quedaría paralizado calquera outro proceso.

Afirmaron que non habería ningún problema en informar favorablemente sobre o cambio de xornada na próxima solicitude que deba iniciarse en decembro .

RESUMEN DA XUNTANZA COA AACC

DATA: 18-05-2021

LUGA: CEI NODUS

ASISTENTES: Presidenta da AACC, Elvira, Leticia , Isabel

A presidenta da AACC explica que no ámbito educativo se prevenga a adicción ao tabaco.

Propón que a través da federación demos difusión a súa campaña e tamén que fagamos chegar un modelo de carta entre as anpas e as direccións dos centros para a ministra de sanidade para que endureza a lei antitabaco.

Agora mesmo están facendo campaña nos centros de primaria pero o ano que ven queren comezar a facelo en secundaria.

O prazo para enviar a carta sería ao redor do 31 de maio que é o día antitabaco.

ASAMBLEA ANPAS MONTAÑA-LUGO 22-01-2021

Asistentes: Anpa Becerreá, Anpa Navia, Anpa Courel, Anpa Incio, Anpa Baralla, Anpa Cervantes

Fapacel: Isabel, Adela, Pilar e Elvira

Na anpa do Courel teñen previsto traballar tamén neste tema internamente'

IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

No Courel a implicación é moi forte. O cole e o eixe vertebrador da cultura do concello. En Baralla la implicación das familias é baixa .

VANTAXES E INCONVINTES

No Courel si que aproveitan o entorno e podían aproveitalo máis, pero botan de menos que non se traballe con proxectos.

Consideran que a mobilidade do profesorado influye negativamente na calidade do ensino.

Incio: tódolos anos piden a especialista de infantil porque a praza suprimiuse no 2012. Según vanse movendo o profesorado con plaza fixa ,estas vanse amortizando.

Baralla: non se están aproveitando as vantaxes do rural a nivel educativo.

USO DO GALEGO

O 90% do alumnado fala galego, o profesorado menos e iso influe nos pequenos.

TRANSPORTE

Ningún neno debería facer tantos km de máis.

O transporte está a condicionar os horarios dos centros en xeral

As rutas non están optimizadas.

INTERNET

Falta de cobertura, falta de formación . Os equipos son suficientes, o concello de Courel aportou parte.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

En Becerreá estiveron sin comedor parte do alumnado un mes porque o comedor mudou de categoría e Educación non quería mandar o persoal que correspondía.

ACTIVIDADES

No Courel botan en falta a implicación do concello. É complicado organizar calquera actividade polos desprazamentos , o escaso número de alumnos e polo precio.

En Incio o concello colabora na organización das actividades.

En Becerreá costa facer grupos

FORMACIÓN DO PROFESORADO

Requírese formación para dar varios cursos á vez. Incentivar ao profesorado melloraría a calidade

ATENCIÓN NEAE

En Becerreá consideran que están desatendidos.

Todas manifestan que é máis que necesario facer un plan educativo específico para o rural.
(En Cantabria o profesorado dos coles rurais teñen incentivos e está a funcionar un plan que consiste en agrupar os cursos de infantil como método pedagógico, (pensan que incluso hai formación específica para o profesorado).

ASAMBLEA PLAN RURAL LUGO CENTRO 26/01/21

Anpas asistentes: Palas de Rei, Carballedo, Ies Monterroso, Ceip Monterroso
Federación: Elvira, Isabel, Ainoha

Primero expliquei que pretendíamos demandar á consellería un plan específico educativo para o rural e que para fundamentar esta petición precisabamos da opinión das anpas, tanto urbanas como rurais, con todos os puntos de vista.

Tamén díxenlles como tiñamos deseñado este traballo, coas enquisas e demais; a partir de ahí pregunteilles cales pensaban que eran os problemas no ensino rural e este é o resultado.

A partir de ahí seguí os puntos que lles puxem.

- IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS:

Apuntan a necesidade de que os colexios normalicen a participación das familias no eido educativo; semella que os centros non están pola labor.

Pouca implicación en xeral

Falta de relación entre as familias o IES e o CEIP.

Como novidade denuncian o sesgo machista na educación, por unha banda, por parte do profesorado e por outra pola falta de implicación dos pais nos temas educativos.

TRANSPORTE:

Incrible o poder do transporte na educación; son os que marcan os horarios e incluso paradas do transporte.

O tempo máximo ideal de transporte dunha crianza serían 40 minutos.

VANTAXES DO RURAL:

Coles menos masificados e mais familiares, é máis fácil a integración, máis fácil a detección de problemas como o acoso escolar e é máis fácil aprender polo número de alumnos.

INCONVINTES:

A hora de poder ofertar actividades, sobre todo por os horarios dos autobuses.

Falta de optativos no IES e BAC e tamén falta de opcións en FP.

- SITUACIÓN DO GALEGO

Na meirande parte do alumnado fálase galego.

TIPO IDEAL DE CENTRO

Case todas coinciden en que o tipo de centro ideal é o CPI.

ATENCIÓN AO ALUMNADO NEAE

O apoio ao alumnado NEAE é insuficiente, en liñas xerais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dificultade por parte dos monitores para ofertarlas e dificultade das familias para poder levar as crianzas as mesmas . Igual que a dificultade polo tema dos horarios dos autobuses

Máis actividades deportivas ou polo menos máis variedade.

Recalcan a necesidade de liñas de subvencións para actividades extraescolares e deportivas no rural.

Habería que fomentar as competicións , por ex. Deportivas, entre coles para que houbera algún tipo de relación entre eles.

Propoñen que sería interesante que tanto en bacherelato coma en FP se impartiera algunha activiadad relacionadada con trámites burocráticos (certificado dixital, conceptos básicos do mundo laboral, que é un convenio...)

NECESIDADE DE PROFESORADO COA FORMACIÓN ESPECÍFICA

Quizáis debería ser unha formación diferente máis baseada en aproveitar o entorno .

Quizáis fai falta máis implicación e motivación por parte do profesorado.

Deberíase incentivar o profesorado do rural, tamén para que fagan a súa vida nas vilas onde dan clases.

Mais formación dixital

CONECTIVIDADE

En xeral é mala. Pero tamén é mala por falla de recursos

COMEDORES

Piden que os IES teñan comedores

Piden que os comedores sexan considerados unha parte da educación , non só un servizo complementario.

NÚMERO MÍNIMO DE ALUMNOS PARA MANTER O CENTRO

Non deberiamos ter un mínimo. Dende o momento que un rapaz se marcha do seu pobo a estudar fóra a maioría perden a súa vinculación co rural.

Están de acordo en que os estudantes do rural están en clara desigualdade e de que é preciso un plan para o rural.

ASAMBLEA PLAN RURAL LUGO CENTRO 20/01/20

Anpas asistentes: Cervo, Nois, Ies Alfoz-Valadouro, Muras, Vicedo, Nº1 Foz, Castro de Ouro, Juan Rey (Lourenza)

Federación: Elvira, Montse, Isabel, Pilar, Giovana, Raquel

Primero expliquei que pretendíamos demandar á consellería un plan específico educativo para o rural e que para fundamentar esta petición precisabamos da opinión das anpas, tanto urbanas como rurais, con todos os puntos de vista.

Tamén díxenlles como tiñamos deseñado este traballo, coas enquisas e demais; a partir de ahí preguntéilles cales pensaban que eran os problemas no ensino rural e este é o resultado.

A partir de ahí seguí os puntos que lles puxemos no correo.

- IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS:

Como non se fan actividades as familias non se implican

TRANSPORTE:

En Nois consideran que os nenos pasan demasiado tempo no transporte tendo en conta as poucas distancias que percorren.

No Vicedo o transporte condícionálles o horario que teñen.

VANTAXES DO RURAL:

Coles menos masificados

Conexión co entorno natural, sobre todo si o profesorado é quen de aproveitalo.

INCONVINTES:

A hora de poder ofertar actividades, sobre todo por os horarios dos autobuses.

- SITUACIÓN DO GALEGO

Depende da zona, pois a Mariña é unha comarca que ten moito inmigrante. Dase o caso curioso de que en Muras aínda sendo as familias galegofalantes e no cole falandolles en galego os pícaros falen castelan. Todas coinciden en que nas zonas máis rurais é onde se fala máis galego.

TIPO IDEAL DE CENTRO

Case todas coinciden en que o tipo de centro ideal é o CPI.

ATENCIÓN AO ALUMNADO NEAE

O de alumnado mínimo dependería un pouco das circunstancias do entorno, sobre todo das distancias

O apoio ao alumnado NEAE é insuficiente. Estes especialistas son compartidos con dous o máis centros.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dificultade por parte dos monitores para ofertarlas e dificultade das familias para poder levar as crianzas as mesmas .

Tamén está o problemacdos horarios dos autobuses que en canto terminan as clases xa marchan

É reseñable que varias destas anpas teñen apoio económico importante dende os concellos.

NECESIDADE DE PROFESORADO COA FORMACIÓN ESPECÍFICA

Quizáis debería ser unha formación diferente máis baseada en aproveitar o entorno .

Quizáis fai falta máis implicación por parte do profesorado.

Estande cubrindo as prazas dos especialistas co que cadra, incluídos os de infantil.

O profesorado carece das mínimas competencias dixitais.

A mobilidade continua do profesorado sobre todo nos coles pequenos é un gran inconveniente, pensan que esa mobilidade pode ser pola dificultade de atender aulas con varios cursos á vez.

CONECTIVIDADE

En xeral é mala, porque aínda que nas vilas teñan fibra esta non chega as parroquias

COMEDORES

A maioría dos coles desta zona teñen catering. E se teñen cociña estan deixando de equipalas adecuadamente para ir quitando ese servizo pois a maioría dos coles teñen xornada continua.

Este sistema de catering está dando lugar a un servizo deficiente: comida fría .

Consideran que o sistema de colaboracións de nais e pais no comedor non é o ideal e as veces supón unha fonte de conflitos.

Piden que os comedores sexan considerados unha parte da educación , non só un servizo complementario.

NÚMERO MÍNIMO DE ALUMNOS PARA MANTER O CENTRO

Consideran que non debe haber un número mínimo.

Manifestan que o cole rural e o mellor modelo.Tamén que é necesario un plan especial para o rural, sen dúbida.

ASAMBLEA PLAN RURAL LUGO 18-01

Anpas asistentes: San Xillao, Luis Pimentel, A Pontes, Illa Verde

Federación: Javier, Elvira, Doris e Isabel

Primero expliquei que pretendíamos demandar á consellería un plan específico educativo para o rural e que para fundamentar esta petición precisabamos da opinión das anpas, tanto urbanas como rurais, con todos os puntos de vista.

Tamén díxenlles como tiñamos deseñado este traballo, coas enquisas e demais; a partir de ahí pregunteilles cales pensaban que eran os problemas no ensino rural e este é o resultado:

- falta de conexión a internet
- dificultad para gestionar o transporte escolar
- escaso presupuesto no tema comedores
- la estructuración docente que non debiera ir ligada á ratio
- falta apoio e inversión

Á pregunta de si creen que hai solucións:

- Non se pode tratar igual a un cole rural que a un urbano en canto a ratios e profesorado
- É posible resolver o tema da conectividade si a administración quere e é fundamental
- Todos os problemas resólvense con cartos

A partir de ahí seguí os puntos que lles puxemos no correo.

- IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS:

Prueba evidente co tema do Courel

- VANTAXES DO RURAL:

Ambiente familiar en los colegios (esto parece que llama mucho la atención)

Conexión co entorno natural-sobre todo si el profesorado é quen de aproveitalo

Ratios baixas

Facilidade para que as familias se impliquen

(neste punto piqué un poco: matricularían os nenos nun cole rural? diferentes opiniones pero sen descartar nada)

- SITUACIÓN DO GALEGO

Nos colexios rurais fálase moito máis en galego

O único bilingüismo real é o da xente que procede do rural (entre a chavalada, falamos)

O galego é a asignatura pendente dos colexios urbanos

TIPO IDEAL DE CENTRO

CPI - para rural e urbano

TIEMPO MÁXIMO DE TRANSPORTE

1/2 hora (opinión de ciudad)

MÍNIMO DE ALUMNOS POR AULA

No tiene que haber número mínimo

Cualquiera con tal de ter o cole aberto

(aquí tamén piqué: non habería que valorar todos os factores á hora de pechar un cole con muy poucos nenos? : pensando nos nenos sobre todo...)

É preferible ter centros pequenos que macrocentros ,agora quedou claro coa pandemia.

Están desaproveitados os centros pequenos cando co transporte axeitado resolveríanse moitos problemas (aquí falaban dos cercanos ás cidades)

Sería interesante que os coles pequenos tiveran actividades comúns para que os nenos se relacionaran

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Sería interesante unha organización por comarcas (mismamente) de xeito que garantizara que todas as zonas da provincia tiveran certos servizos como escola de música, deportivas ..a unha distancia razoable (no hay ni una en toda la montaña)

Tamén sería interesante aproveitar a mobilidade do alumnado entre centros para que cada centro tivera a súa "especialidade" (música, patinaxe ou o que sexa)

NECESIDADE DE PROFESORADO COA FORMACIÓN ESPECÍFICA

Pensan que o profesorado está suficientemente preparado.

O problema é que ese profesorado rural é moi móvil (un gran problema que poderíase resolver con incentivos de algún tipo)

Están todos de acordo en que existe unha gran desigualdade entre o alumnado do rural e o urbano e de que é precisa unha discriminación positiva se queremos seguir tendo rural.

No sé si te servirá de algo todo esto. Isa

ASAMBLEA PLAN RURAL LUGO CENTRO 20/01/20

Anpas asistentes: Cospeito e Pastoriza
Federación: Elvira, Montse e Isabel

Primero expliquei que pretendíamos demandar á consellería un plan específico educativo para o rural e que para fundamentar esta petición precisabamos da opinión das anpas, tanto urbanas como rurais, con todos os puntos de vista.

Tamén díxenlles como tiñamos deseñado este traballo, coas enquisas e demais; a partir de ahí pregunteilles cales pensaban que eran os problemas no ensino rural e este é o resultado:

- falta de conexión a internet, o da brecha dixital é un inconveniente bastante grave le resolver o tema da conectividade si a administración quere e é fundamental

A partir de ahí seguí os puntos que lles puxemos no correo.

- IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS:

Como non se fan actividades as familias non se implican. É o que entenden por anpa.

TRANSPORTE:

En Cospeito teñen problemas con unha parada pero dende a anpa non fixeron nada.

-VANTAXES DO RURAL:

Coles menos maisificados

Conexión co entorno natural sobre todo si o profesorado é quen de aproveitalo.

INCONVINTES:

A hora de poder ofertar actividades

SITUACIÓN DO GALEGO

Nos colexios rurais fálase moito máis en galego

TIPO IDEAL DE CENTRO

CPI , en Cospeito teñen 200 alumnos e na Pastoriza 100

O de alumnado mínimo dependería un pouco das circunstancias do entorno, sobre todo das distancias.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dificultade por parte dos monitores para ofertarlas por desprazamentos e dificultade das familias para poder levar as crianzas as mesmas tamén polos desprazamentos.

Oferta limitada de actividades e precio máis caro.

NECESIDADE DE PROFESORADO COA FORMACIÓN ESPECÍFICA

Para nos casos de coles que teñan os cursos concentrados deberan ter outra formación. Tamén deberan ter outra motivación (ou incentivos dalgún tipo).

Por norma xeral o profesorado non aproveita o feito de estar no rural no que se refire a relacionar a o ensino co entorno.

Non teñen demasiada mobilidade do profesorado, quizáis porque estan relativamente cerca da cidade.

Pensan que sí e necesario un plan educativo para o rural no que se aproveiten os recursos e no que o número de profesores, coa formación axeitada, garanticen que o ensino sexa de calidade independentemente da ratio.

Xuntanza Anpas cidade Lugo 10 de Agosto de 2021

Convoca Fapacel

Tema de debate : a escolarización: os mapas, as zonas e apuntes para a mellora daqueles aspectos que consideramos que son susceptibles de cambio.

Asisten: De Fapacel (Isabel , Doris, Elvira), representantes de Anpas dos Ceip : Menendez Pelayo, As Mercedes, Virxen Da Soidade As Gándaras, Sagrado Corazón e tamén o IES Anxel Fole, e Sanxillao, Anpa Anexa Anpa A Ponte.

1. Breve explicación de que é a comisión de escolarización.

Tal e como se vos informou mediante resumo, o día 11 de xuño ás 10:00h. tivo lugar a comisión de escolarización, na que se deu debida explicación das asignacións subsidiarias a aqueles alumnos/as que non obtiveron a súa praza nos coles e nos institutos. No remate da xuntanza propúxosenos de facer unha nova xuntanza para abordar o tema da escolarización: das adscricións de zona a cada centro e posibles melloras. Aínda que este órgano(comisión de escolarización) non ten capacidade de decisión si pode elevar propostas. A inspectora de escolarización convocaranos a unha xuntanza para escoitar as nosas propostas.

Tema de debate:

Concordamos todos na preocupación de que os nenos e nenas non collen nos institutos, isto era algo que xa sabiamos todos que ía acontecer, porque houbo desdoblamento de liñas no Ceip Mercedes (pasouse de combinar un ano liña 1 e outro liña 2, a ser sempre liña 2. No Illa verde houbo tamén liña tres en algúns cursos)

Consecuencia de todo isto é que arredor de 30 alumnos/as non obtiveron praza no instituto escollido en primeiro lugar.

Toda esta situación vese agravada tamén polo covid, aínda que como nais e pais, estamos contentos de que as ratios nos institutos baixasen ate os 25 alumnos/as por aula.

Posibles solucións:

Precisamos un novo instituto, aínda que non parece moi axeitado facelo na Facultade de Formación do Profesorado USC, pois cremos que prexudicaría o Ceip Anexa (cremos que precisa de máis espazos)

A maiores parece que non sería axeitado dotar á zona centro de outro instituto, cando xa se conta cunha ampla oferta nesa área da cidade.

O tráfico na zona de Ramón Ferreiro nas horas de entrada é saída de colexios e institutos, xa está suficientemente conxestionado para engadir outro instituto máis.

Recollemos tamén a opinión da Anpa da Anexa que si que quere un CPI na facultade de Formación do Profesorado da USC. Aínda que faltarían prazas para os bacharelatos.

Recollemos tamén a opinión da Anpa do Sagrado Corazón, que despois dunha loita de máis de dez anos por acadar un novo colexio desexan que sexa empregado para o fin que foi creado, un Ceip. Pero si están de acordo cun instituto na area de escolarización de Gándaras ou sagrado Corazón.

Pensando no ben común e no futuro, cremos que se precisan institutos noutras zonas da cidade (zona Sagrado Corazón ou Gándaras) que agora están afectados pola falla de prazas no Sanxillao. Tamén se podería pensar incluso en unificar eses dous coles e aproveitar un deles para convertelo en Instituto.

Outra opción sería construír un novo instituto na zona de Fingoi.

Outra cuestión que creemos relevante a hora de ter un novo instituto é a cuestión dos transportes. Dende a Federación de Anpas pensamos que é fundamental que se deseñe tamén ese servizo.

No mes de Agosto sae publicada en prensa a nova de que definitivamente o novo instituto de Lugo, ocupará o edificio de Formación do Profesorado (USC) situado na zona de Ramón Ferreiro. Isto fai que as Anpas queiran coñecer certas cuestións de cara o futuro:

- O novo instituto vai ser quen de garantir esa falla de prazas nos seguintes nove anos? (decímoos nove anos porque son os datos que a administración educativa pode ter en función do alumnado matriculado en infantil e primaria na actualidade)
- O novo instituto vai poder garantir os metros cadrados por neno/a para poder ofrecer un espacio ó aire libre para os recreos?

- Como se vai xestionar a falla de prazas noutros institutos da cidade? Contarán con transporte en caso de que sexa necesario?
- Cambiarán as adscricións dos Ceip con alumnos/as transportados?
- Como afecta a creación deste novo instituto ó Ceip Anexa, que xa dende fai tempo compartía espazos coa USC.

Como Anpas estamos moi decepcionados de que unha vez máis as políticas educativas non teñan en conta as opinións das familias, non existan mesas de debate ou espazos de opinión onde se consensúe as decisións que se deben adoptar no eido educativo e sempre á vista dos informes dos técnicos que son os que poden dar datos moi concisos e con proxección cara o futuro.

Outras cuestións que cremos que se deberían impulsar dende a escolarización:

1. Campaña de matriculación en centros públicos con datas dos prazos que teñen para presentala documentación.
2. Elaborar un único modelo de matriculación que inclúa unha guía para nais e pais de como cubrir o impreso, cantos puntos teñen para cada centro, que erros non deben cometer (este documento pode elaborarse dende a experiencia de anos e anos de ver como as familias as veces equivócanse sistematicamente nas mesmas cuestións)
3. Solicitar ás direccións dos centros a que fagan xornadas de portas abertas previas a preinscrición, coordinadas co resto dos centros da cidade para que podan acudir a coñecer o centro, o proxecto educativo, os servizos. As familias buscamos o contacto humano co equipo docente ou o equipo directivo.
4. De cara o futuro inmediato cremos que se debe pensar en facer dobres adscricións de Ceip a IES, como por exemplo Ceip Mercedes ou Illa Verde, que a súa zona de influencia se estende ata a Anexa; de tal xeito que o alumnado poida escoller entre dous centros cando deixa a etapa de primaria.
5. As áreas de adscrición deben ser revisadas posto que o mapa debe contemplar o gran desenvolvemento demográfico da zona sur da Cidade: Augas Férreas e o barrio de San Fiz en actual desenvolvemento urbanístico.

Reciba un cordial saúdo

Dorotea Paz

Vogal da FAPACEL

RESUMO DA XUNTANZA CO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN E CON TENIENTE DE ALCALDE DO CONCELLO DE LUGO

DATA: 9-09-2021

ASISTENTES: Doris , Isabel

Os temas que levamos foron:

- Comedores
- Extraescolares
- Subvencións para anpas
- Vieiros seguros

Polo tema de comedores aseguraron que ían dar servizo a todos os usuarios fixos pero que tiñan problemas para atender aos esporádicos ao ter que adaptarse aos protocolos covid. Intentarían atopar unha solución contando con que se flexibilicen as condicións impostas pola Xunta ao ir mellorando a situación pandémica. No servizo de almozos si que atenden a todos, os fixos e os esporádicos.

Sobre o tema de comedores, propoñémoslle que preparen unha iniciativa lexislativa popular para pedir que os comedores escolares sexan de xestión directa, e dicir, que os xestione a Consellería de Educación.

Sobre as extraescolares teñen previsto sacar as súas para empezar en outubro. Aquí plantexamos o problema da limpeza pola tarde. Dinos que é un problema de prego de condicións, que os contratos están obsoletos e que as condicións variaron moito para adaptarse aos protocolos covid. Están traballando nun novo prego, de tódolos xeitos depende de Medio Ambiente, non de Educación.

Sobre o tema de subvencións para as anpas este ano non viñan contempladas nos presupostos, pero van a elaborar as bases e preparalas para o ano que ven.

Sobre os vieiros seguros di que están a traballar na zona do Albeiros e de Lamas de Prado.

Falouse tamén da problemática de inseguridade vial que existe na zona do Illa Verde ao ter a unidade de infantil dividida en dous edificios, propoñémoslle pechar a rúa.

**ESCRITOS
ENVIADOS AS
ADMINISTRACIONES**

Isabel Calvete Carrera, presidenta da FAPACEL, con CIF G27019140 , con enderezo Avda Coruña Nº500, 27003 Lugo e correo electrónico fapacel@gmail.com

EXPOÑO:

Que nos comedores escolares dos colexios galegos traballa un numeroso colectivo de atención ao alumnado de infantil, primaria e secundaria, ben como colaboradores voluntarios no caso dos comedores xestionados pola xunta de Galicia, ou ben como persoal contratado nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar.

Este persoal pode ser considerado incluído dentro do grupo 6 B) como “outros profesionais que atenden ao alumnado”, con máis risco por certo do que ten o profesorado, xa que realizan o seu traballo nun espazo pechado, sen manter a distancia de seguridade e no momento da comida, un momento no que o alumnado non está a facer uso da máscara de protección. E moi por diante do grupo 6 C) a quen, no caso das persoas menores de 55 anos, se vacinou recentemente. Resulta máis que sorprendente que a valoración dos colectivos que deben vacinarse estea a realizarse en función da relación laboral que manteñen coas institucións académicas de ensino de 3 a 16 anos, e non en función do efectivo risco de contacto directo que sofren estas persoas no seu traballo cotián.

SOLICITAMOS:

Que se vacine coa máxima urxencia a todo o persoal de atención directa ao alumnado nos comedores escolares galegos.

UT: A12009441

Asunto: Solicitud de vacunación FAPACEL

Recibido nesta xefatura territorial da Consellería de Sanidade en Lugo o escrito no que solicita a vacunación urxente de todo o persoal de atención directa ao alumnado nos comedores escolares galegos, informamos que se remitiu o dito escrito á Dirección Xeral de Saúde Pública, por ser un asunto da súa competencia.

A xefa territorial
(asinado dixitalmente)

M^a Begoña Seco Varela

Prezada Xefa Territorial de Sanidade

Dende a FAPACEL e ante a aparente situación de descoordinación entre a súa Consellería e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade no que a xestión dos gromos nos centros de ensino público se refire, diríxome a vostede para trasladarlle a sensación de intranquilidade das familias.

Non é unha situación sinxela para ningún e sabémolo todas, por iso consideramos que o máis acaído é procurar a maior transparencia posible co fin de evitar situacións como a vivida nalgún colexio estes días.

Vostedes teñen os medios para proporcionar a información que precisan as familias de xeito oficial; non pode darse o caso de que esa información chegue a través doutras vías que non sexan as oficiais porque iso crea inseguridade na comunidade educativa.

Como presidenta desta federación, solicito:

- Que se publiquen puntualmente os datos exactos e correctos sobre a situación epidemiolóxica nos centros de ensino público da provincia de Lugo.
- Que procure a precisa coordinación coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para evitar estas situacións de caos que están a provocar na xestión de positivos da COVID-19.

Reciba un cordial saúdo

En resposta ao escrito presentado mediante correo electrónico o 19 de febreiro dirixido a esta xefatura territorial,

INFORMAR

- En todo momento, desde que se detectou o primeiro caso en calquera dos colexios da provincia de Lugo, se actúa da mesma forma e sempre seguindo o protocolo establecido pola Xunta de Galicia:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Informaci%C3%B3n-Covid-centros-educativos?idioma=es>

- En todo momento se mantén comunicación con cada un dos centros de ensino e co equipo COVID do mesmo para a adopción das medidas sanitarias pertinentes e a toma de decisións.

- Os datos sobre a situación epidemiolóxica nos centros de ensino público e privado da provincia de Lugo, publícanse nas distintas canles da Xunta de Galicia, da mesma forma que no resto das provincias da Comunidade Autónoma.

- A coordinación entre as distintas consellerías na provincia de Lugo, así como cos distintos directores dos centros afectados en todo momento foi total e plena, como non podía ser doutra maneira, sempre para intentar atallar os gromos e cortar as cadeas de transmisión o antes posible.

Asinado dixitalmente en Lugo.

Prezada Xefa Territorial:

A Federación, diante das numerosas queixas das nosas anpas asociadas, queremos poñer no seu coñecemento o abandono do alumnado confinado por parte das persoas que teñen a responsabilidade académica de os atender.

A normativa galega está moi clara ao respecto:

1. Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021” do 2 de novembro:

- a. *Os centros realizarán de xeito inmediato e periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche. Neste proceso contarán co apoio dos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado e da inspección educativa*

2. Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19” :

- a. *Artigo 1º: Elaborar un horario para cada grupo de alumnos do centro, que na actualidade están a seguir ensinanzas presenciais ou semipresenciais, a fin de continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia coa debida interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado de cada unha das áreas, ámbitos, materias ou módulos*
- b. *Artigo 3º.-Elaboración dun horario para os supostos de ensino a distancia*
 - i. *A dirección do centro educativo, en coordinación co equipo docente do grupo de alumnos, elaborará un horario semellante ao que se está desenvolvendo na actualidade en réxime de presencialidade ou semipresencialidade, coa carga horaria que se estime pertinente para cada área, ámbitos, materia ou módulo, respectando un mínimo do 60% da carga lectiva de cada área, ámbito, materia, módulo establecido na normativa vixente, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos.*
 - ii. *Considerando a situación de evolución da pandemia, esta distribución horaria deberá elaborarse no prazo máximo de unha semana desde o data de publicación de esta Resolución.*
 - iii. *Estes horarios deberán ser aprobados provisionalmente pola dirección do centro e remitidos á inspección educativa para a súa supervisión e autorización definitiva.*
 - iv. *Os horarios aprobados provisionalmente pola dirección do centro deberán incorporarse ao Plan de Continxencia, comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informados ás familias a través do/a titor/a do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro ou outro medio que garanta a recepción da información por parte das familias.*
 - v. *Na distribución horaria semanal que se estableza deberá figurar unha sesión de tutoría para alumnado, e unha sesión de tutoría para familias, nas que o/a titor/a desenvolverá as funcións que lle son propia.*

E ademais cóstanos a intencionalidade da propia consellaría, que na xuntanza do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade cos representantes das distintas confederacións de anpas de Galiza o 25 de xaneiro, comprometeuse a iniciar un testeo nos centros de ensino para comprobar como están a funcionar o plans de continxencia.

En consecuencia: os plans deberan estar funcionando, a consellaría indícanos que é necesario contrastar -porque non está contrastado- que efectivamente funcionan, e as familias galegas afirmamos que non o están facendo, porque somos quen deberamos estar recibindo o resultado de eses plans se estiveran operativos e non o estamos recibindo.

Polo tanto, e co fin de proporcionarlles ás familias toda a información que precisan e a tranquilidade de que este curso non se vai perder e que contén coa **garantía de que o alumnado confinado seguirá o ritmo do resto da clase** coa correcta aplicación das instrucións que marca a normativa, solicitámoslle que nos informe da situación real dos centros de ensino da provincia de Lugo, e agradecemos que nos remita o informe de valoración anunciado polo Conselleiro de cultura, educación e universidade; que nos permitirá contrastar as nosas informacións coas que manexa esa consellaría.

Reciba un cordial saúdo

Isabel Calvete



Presidenta da FAPACEL

A/A XEFA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA EN LUGO

Prezada Xefa Territorial de Cultura, Educación e Universidade en Lugo

Ante as noticias en prensa sobre os casos de contaxios da COVID-19 nos colexios públicos estase xerando a alarma e a inseguridade entre as familias.

Somos perfectamente conscientes da dificultade da situación pero a realidade é que levamos cinco meses de curso escolar nos que houbo tempo de sobra de organizar esta xestión .

A percepción que teñen as familias é dunha tremenda desorganización entre a Consellería de Educación e a de Sanidade, isto ven propiciado pola falta de información oficial .

Non ten ningunha lóxica que sexa a prensa, e non unha comunicación oficial, a que estea informando as familias sobre unha situación tan grave.

Dende a FAPACEL solicitamos:

Que se publiquen os datos exactos e correctos sobre a situación epidemiolóxica nos centros de ensino público da provincia de Lugo.

Prezado Delegado Territorial:

A Federación, diante das numerosas queixas das nosas anpas asociadas, queremos poñer no seu coñecemento o abandono do alumnado confinado por parte das persoas que teñen a responsabilidade académica de os atender.

A normativa galega está moi clara ao respecto:

1. Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021” do 2 de novembro:

- a. *Os centros realizarán de xeito inmediato e periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche. Neste proceso contarán co apoio dos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado e da inspección educativa*

2. Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19” :

- a. *Artigo 1º: Elaborar un horario para cada grupo de alumnos do centro, que na actualidade están a seguir ensinanzas presenciais ou semipresenciais, a fin de continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia coa debida interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado de cada unha das áreas, ámbitos, materias ou módulos*
- b. *Artigo 3º.-Elaboración dun horario para os supostos de ensino a distancia*
 - i. *A dirección do centro educativo, en coordinación co equipo docente do grupo de alumnos, elaborará un horario semellante ao que se está desenvolvendo na actualidade en réxime de presencialidade ou semipresencialidade, coa carga horaria que se estime pertinente para cada área, ámbito, materia ou módulo, respectando un mínimo do 60% da carga lectiva de cada área, ámbito, materia, módulo establecido na normativa vixente, tendo en conta o esforzo que vai a supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través de medios telemáticos.*
 - ii. *Considerando a situación de evolución da pandemia, esta distribución horaria deberá elaborarse no prazo máximo de unha semana desde o data de publicación de esta Resolución.*
 - iii. *Estes horarios deberán ser aprobados provisionalmente pola dirección do centro e remitidos á inspección educativa para a súa supervisión e autorización definitiva.*
 - iv. *Os horarios aprobados provisionalmente pola dirección do centro deberán incorporarse ao Plan de Continxencia, comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informados ás familias a través do/a titor/a do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro ou outro medio que garanta a recepción da información por parte das familias.*

- V. *Na distribución horaria semanal que se estableza deberá figurar unha sesión de tutoría para alumnado, e unha sesión de tutoría para familias, nas que o/a titor/a desenvolverá as funcións que lle son propia.*

E ademais cóstanos a intencionalidade da propia consellaría, que na xuntanza do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade cos representantes das distintas confederacións de anpas de Galiza o 25 de xaneiro, comprometeuse a iniciar un testeo nos centros de ensino para comprobar como están a funcionar o plans de continxencia.

En consecuencia: os plans deberan estar funcionando, a consellaría indícanos que é necesario contrastar -porque non está contrastado- que efectivamente funcionan, e as familias galegas afirmamos que non o están facendo, porque somos quen deberamos estar recibindo o resultado de eses plans se estiveran operativos e non o estamos recibindo.

Polo tanto, e co fin de proporcionarlles ás familias toda a información que precisan e a tranquilidade de que este curso non se vai perder e que contén coa **garantía de que o alumnado confinado seguirá o ritmo do resto da clase** coa correcta aplicación das instrucións que marca a normativa, solicitámoslle que nos informe da situación real dos centros de ensino da provincia de Lugo, e agradecemos que nos remita o informe de valoración anunciado polo Conselleiro de cultura, educación e universidade; que nos permitirá contrastar as nosas informacións coas que manexa esa consellaría.

Reciba un cordial saúdo

Isabel Calvete

Estimada Xefa Territorial :

A FAPACEL en representación das anpas do Ceip San Xoán de Becerreá e a do Cpi de Cervantes, ás que lles correspondería o IES de Becerreá como centro de referencia manifestamos o noso rexeitamento ao trato que esta consellería de Educación, Universidade e FP está a dar aos centros de secundaria desta provincia neste caso ao IES de Becerreá.

Non nos serve o número 5 cando sabemos que non se aplica con unha mínima uniformidade. As normativas non están para cumprilas cando convén.

Estando a crear situacións de desvantaxe e desigualdade gratuitas, xa temos bastantes problemas no rural coma para aturar outro ataque ao noso alumnado.

Utilizar o rixido límite de cinco alumnas-os para fornecer ou non a un centro rural dunha materia, cando se está empregando con absoluta discrecionalidade noutros IES galegos, non é asumible polas familias de Becerreá nin de Cervantes nin por esta

Federación de ANPAS.

Todas somos conscientes de que o número de alumnos non permite ofertar todas as optativas que marca a lei, sabemos que o criterio é de 5 alumnos coma mínimo nos centros do rural e 10 nos urbáns , condición , por outra banda, que limita moito as opcións para o noso alumnado.

Cando hai un recorte no profesorado baseado no rateo non o compartimos porque consideramos que o número de alumnas e alumnos non pode condicionar a calidade do ensino, os nenos non son números, pero podemos chegar a entender ese criterio puramente economicista, o que non entendemos nin pretendemos e a razón de “porque sí”.

A eliminación da optativa do idioma francés no IES de Becerreá non atende a ningún criterio medianamente coherente, é máis, chega a ser absurdo, temos ao especialista e as horas disponibles para impartir esa optativa; á consellería non lle costa nin un euro máis.

O lóxico e operativo é deixar aos centros a organización interna segundo a súa capacidade e disposición de profesorado.

Estando a crear situacións de desvantaxe e desigualdade gratuitas, xa temos bastantes problemas no rural coma para aturar outro ataque ao noso alumnado.

Non nos serve o número 5 cando sabemos que non se aplica con unha mínima uniformidade. As normativas non están para cumprilas cando convén.

Solicitamos:

- Que reconsideren esta postura e permitan ao IES de Becerreá desenvolver o seu programa como tiñan previsto.
- Un plan educativo específico para o rural que resolva dunha vez todas as situacións de desigualdade educativa dos centros de ensino do rural e sexa garante de calidade educativa.

Reciba un cordial saúdo

Isabel Calvete

Presidenta da FAPACEL

ACTIVIDADES OFERTADAS AS ANPAS

TI ES RITMO

Para @s peques mais rebuldeiros propoñemos esta actividade de autocoñecemento sonoro:

- cantas maneiras coñeces de facer palmas?
- cantos silvidos e sons coa lingua sabes sacar?
- sabes imitar paxaros/ coches/ cabalos?
- cantos ritmos coñeces?

O noso propio corpo: lingua, beizos, boca, mans, pés, gorxa, barriga....hai mil efectos sonoros que podemos obter de nos mesmos...e que podemos combinar con infinidade de cantigas.

Fixemos este obradoiro con xogos individuais e colectivos, que non implican contacto físico pero permiten traballar xunt@s, facer música xunt@s, aprender, escoitar, respirar.

As anpas que realizaron esta actividade foron:

Anpa Ceip Lagostelle de Guitiriz

Anpa Ceip Plurilingue Virxe do Carme de Sober

Anpa Ceip Virxe do Monte de Cospeito

Anpa Ceip Castro de Ouro de Alfoz



HABITOS DE ESTUDO

Este non foi un curso sobre técnicas de estudo ao uso. Foi un curso práctico para que nais e pais axuden aos seus fillos para implementalas. Todos sabemos a teoría pero a práctica non é tan sinxela, sobre todo coa nosa gran amiga a adolescencia. Este curso estivo orientado para os que queren axudar aos seus fillos para estudar e a facer os deberes da maneira máis adecuada e educativa.

Falouse de reforzo positivo e técnicas para implementalo de maneira práctica na casa.

En liña nunha única sesión

As anpas que participaron nesta actividade foron;

Anpa de Triacastela

Anpa de Palas

Anpa de Quiroga

Anpa As Faias

Anpa les Monterroso

Anpa de Becerreá

Anpa Illa Verde

Anpa les Ollos grandes

Anpa do Ceip Alfoz



MATERIAIS E RECURSOS PARA APRENDER XOGANDO

Dende o confinamento e polos cambios no ocio que se están a facer nas nosas familias descubrimos a importancia do xogo en familia, a importancia de crear espazos de xogo na casa conxuntos e individuais e a importancia de dotar a estos espazos de materiais e xogos significativos e axeitados a cada idade. Partiremos do desenvolvemento do neno e das súas necesidades para comprender que materiais e propostas podemos achegar en cada etapa, cal debe de ser o noso rol, como preparar espazos que favorezan o xogo e o descubrimento para propiciar deste xeito a aprendizaxe. Ofreceremos diferentes ideas e propostas sinxelas e orixinais para poñer en práctica de maneira inmediata na casa, con moitos materiais de refugallo y de aproveitamento.

Para poder ofrecer un curso adaptado por idades este curso ofrécese nunha edición de infantil e outra de primaria.

Edición Infantil: En liña nunha sesión.

Edición primaria: En liña nunha sesión

As anpas que participaron nesta actividade foron:

Anpa Cpi de Triacastela

Anpa Nois

Anpa de Ceip Monterroso

Anpa EEI Sarria

Cervantes

Mercedes

Becerreá



GOOGLE DRIVE E GOOGLE DOCUMENTOS

“Traballo colaborativo en google drive”

Objetivo : O principal obxectivo do curso radica en proporcionar as competencias e habilidades necesarias para que as familias adquieran os coñecementos básicos en google drive e google documentos, google follas de cálculo, google formularios e google debuxo

. Registrarse en Google Drive

Servicios de Google

Configuración de anuncios

. Correo de Gmail

Uso del calendario

Google Fotos

Búsqueda Avanzada

Aplicaciones de Google Organizar e eliminar carpetas

Renombrar arquivos

Edición de documentos en Google Drive

Configuración personalizada

As anpas que participaron nesta actividade foron as seguintes:

Anpa Palas de Rei (A Ulloa)

Anpa Sarria

Anpa Escairón



TALLER PREVENCIÓN VIOLENCIA DE GÉNERO

Objetivos: neste obradoiro, con título “E ti, ¿como queres?”, imos tratar a diferenza entre o amor e o amor romántico; identificar cales son os mitos do amor romántico e cales temos interiorizados. Entenderemos que tipo de implicacións pode ter o amor romántico nas nosas vidas e relacións afectivo sexuais.

As anpas que participaron nesta actividade foron:

CEIP O Incio

CEIP AS Mercedes

TALLER PREVENCIÓN VIOLENCIA XÉNERO



DEPUTACIÓN



TALLER COMUNIDADES EDUCATIVAS RESILIENTES ANTE O COVID A ANSIEDADE E A XESTIÓN EMOCIONAL.

A situación actual de emerxencia sanitaria e social que estamos afrontando pola COVID-19 foi declarada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) como pandemia. Esta situación á que nos enfrontamos implica unha dor e un impacto intensos en todos os grupos de poboación.

A comunidade educativa, alumnado, profesorado e familias, tiveron que adaptarse ás novas condicións que trae esta situación. Un dos factores detectados é o estrés producido pola incerteza que provoca no alumnado a situación actual que estamos a vivir e a aparición da ansiedade.

📌 Obxectivo Xeral: Incorporar unha cultura de autocoidados e coidados mutuos na aula para poder xestionar mellor as emocións e, en particular, atender a situacións de ansiedade producidas entre o alumnado.

Cada sesión contou con unha parte teórica e outra práctica, onde se fixeron exercicios corporais e psicoeducativos que son de utilidade para o alumnado.

A actividade constou de 2 sesións de dúas horas.

As anpas que participaron nas actividades foron:

Ceip de Monterroso

Ceip Castro Ouro de Alfoz



TALLER DE EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL PROGRAMA DE PROMOCIÓN DE IGUALDADE E DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA AS ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO DE CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA.

Obxectivos: neste obradoiro, co título “A diversidade: e ti de quen ves sendo?”, o que fixemos foi indagar sobre como se constrúe a nosa identidade. Abordamos as diferenzas entre sexo biolóxico, orientación sexual, identidade de xénero e expresión de xénero.

Materiais e metodoloxía:

Utilizaronse materiais audiovisuais e gráficos para promover o debate, o diálogo e o pensamento crítico, e tamén dotar de contido teórico.

Faremos dinámicas para promover a confianza no grupo e crear un espazo seguro onde compartir as nosas ideas e inquedanzas. As dinámicas tamén nos axudarán a xerar empatía e coñecer outros puntos de vista

As anpas que realizaron esta actividade foron:

Iles Monterroso



CHARLA EDUCACIÓN EMOCIONAL

Actividade que fíxemos online.

A intelixencia emocional é a capacidade para comprender e xestionar as nosas emocións e comprender os estados emocionais das persoas que nos rodean.

A incertidume xerada pola Covid-19 plantexa novas retos para as familias. Dende unha perspectiva educativa traballaremos sobre diversas ferramentas e estratexias para fomentar a aprendizaxe e a reflexión emocional no fogar.

As anpas participantes nesta actividade foron:

Anpa Virxe do Monte

A TRAVES DA PLATAFORMA ZOOM

CHARLA SOBRE EDUCACION EMOCIONAL



ponente: Laura Pardeiro

CHARLAS "EDUCANDO HOXE AS PERSOAS DE MAÑÁ"

Estas charlas están creadas para que as persoas adultas traballen coas nenas e nenas que teñan arredor.

A igualdade é sinónimo de bos tratos, de oportunidades, de dereitos e de calidade de vida. Unha das tarefas que as persoas maiores teñen en canto as máis pequenas é procurarlles unha sociedade máis xusta e respetuosas.

A raíz desta guía ofertamos unhas charlas co mesmo título

As anpas que participaron nestas charlas foron:

Anpa Ollos Grandes



EDUCANDO HOXE ÁS PERSOAS DE MAÑÁ

GUÍA SOBRE COEDUCACIÓN PARA FAMILIAS



CURSO RCP

O principal obxectivo do curso radica en proporcionar as competencias e habilidades necesarias para que o alumnado adquira os coñecementos básicos na reanimación cardiopulmonar

As anpas que participaron neste curso forón:

Lagostelle

Incio

Nois

Quiroga

Carballedo

Sober

Cervantes



SOMOS DEPORTE SOMOS RURAL

A defensa do ensino público é a principal teima desta federación pero non é a única; a meirande parte das nosas asociadas son anpas de colexios rurais e iso fai que teñamos unha visión do conxunto da provincia bastante ampla e permítenos calibrar

perfectamente as diferenzas e as desigualdades que existen no ámbito rural co respecto ao ámbito urbano no que se refire ao acceso a actividades extraescolares, sexan deportivas, musicais, artísticas e case de todo tipo.

Como federación temos que loitar por intentar acadar a igualdade de oportunidades en todo o que atinxe á educación e o desenvolvemento das crianzas tamén no rural. A falla de nenas e nenos non pode ser causa xustificable para que estas crianzas non teñan as mesmas oportunidades que calquera nena ou neno galego, temos que intentar que o ensino no rural, no seu máis amplo senso, sexa garante de calidade. Eles merecéno e

este país o precisa. Promocionar o deporte entre as anpas do rural é un paso para intentar acadar certa igualdade. Consideramos que as actividades deportivas son un dos piares fundamentais e están ligadas directamente a hábitos de vida saudables. A práctica do deporte fomenta valores como o sacrificio, a entrega, a superación, a responsabilidade, o compañeirismo, a empatía e moitos outros. O deporte axúdalles a ter máis conciencia do propio corpo e reforza a autoestima, tamén lles axuda a aceptar os éxitos e os fracasos.

Favorece o desenvolvemento físico e mental debido á estimulación do tecido óseo e muscular, tamén permite o desenvolvemento das capacidades de percepción espacial, coordinación, axilidade e equilibrio.

Fortalece a confianza en sí mesmos e a relacionarse cos demais.

CANDO E ONDE SE CELEBRARON ESTAS XORNADAS

Esta Federación ten ámbito provincial e pretendemos que estas xornadas cheguen a todas as nosas anpas asociadas, esta é a razón pola que propoñemos unha xornada en cada unha destas zonas:

- Zona da Montaña
- Zona da Terra Cha
- Zona da Mariña
- Zona Sur

Sería unha xornada de sábado onde se farían exhibicións destes deportes dándolles a oportunidade ás crianzas de probar e practicar.

Estas xornadas desenvolveronse o sábado 25 de setembro a correspondente á zona da Montaña, no Polideportivo de Bóveda, o sábado 2 de outubro, a correspondente a zona da Terra Cha, no Ceip Virxe do Monte de Cospeito, o sábado 16 de outubro, a

correspondente a zona da Mariña, no Ceip de Alfoz e na zona Sur celebrouse o sábado 23 de outubro no Ceip Xoán Requeixo de Chantada.



AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS SON UN DOS PARES FUNDAMENTAIS
E SON USADAS DIRECTAMENTE A MANEIRA DE UNO. SÁBENDOS
A PRÁCTICA DO DEPORTE FORMO UNHA COMO O SACRIFICIO,
A INTERIA, A SUPERACIÓN, A DESPLACENANANHA, O CONSUMIDORISMO.
A TRINHA E MORTO COTIDIA.
O DEPORTE ABUSA A TER NADA CONSIDERAR DO PROPIO CORPO.
E BASTA A INTERESTES, ABUSA A ACUMULAR OS FATOS E OS FRACOSOS.
ENCONTRO O DESCONHECIMENTO, PUNTO E NUNCA.
POBRO A ESTIMULACIÓN DO TIPO DO USO E MUSCULAR.
DEBIDA O INTERCOMUNICACIÓN DOS CONSUMIDORES.
DE DEPORTES ESPECIAL, COORDINACIÓN, ABUSOS E TOLERANCIA.
FUTURO A CONTINUAR EN UN MESMO.
E INDICAR AS RELACIONES, COS DEBIDOS.

**25 DE SETEMBRO
DE 11 A 14 HORAS
NO PAVILLÓN MUNICIPAL
BÓVEDA**



AVD. DE A CORUÑA, 500 - 27005 BOD
TEL. 609 993 846
WWW.FAPACEL.COM

DO TRADI Ó TRAP.....BAILA MORENA!

Nestes tempos de identidades dixitais e sobreexposición en redes sociais, plantexamos este espazo de reflexión para as mozas e mozos sobre os contidos audiovisuais que a diario consumen e xeneran: é preciso falar de autopercepción, cousificación, sexualización temperá ou socialización.

Tamén faise urxente e necesario definir o acoso e/ou abuso sexual, e buscar mecanismos de detección precoz, de protección e por último de incentivo de denuncia no caso de se produciren.

Do TRADI ó TRAP... Baila, morena! é un obradoiro de formación e sensibilización do alumnado en materia de igualdade e erradicación da violencia contra as mulleres, que aborda os temas plantexados dun xeito lúdico e interactivo para o alumnado de últimos cursos de EP e primeiros da ESO.

CEIP LAGOSTELLE, GUITIRIZ
CEIP OTERO PEDRAYO, RÁBADE
CEIP GREGORIO SANZ , RIBADEO
CEIP VIRXE DO MONTE, COSPEITO
CEIP PALAS DE REI
CEIP CARBALLEDÓ
CEIP ABELLA (CASÁS) LUGO
CEIP SAN XOAN, BECERREÁ
CEIP QUIROGA
CEIP A GRANDA, MUIMENTA
CEIP SOBER
CEIP CERVANTES
CEIP XOAN REQUEIXO, CHANTADA
CPI NAVIA DE SUARNA
IES MONTERROSO
CEIP ILLA VERDE , LUGO



DO TRADI Ó TRAP..... BAILA, MORENA!

BRANCA VILLARES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero

016



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

BALANCE ECONOMICO 2021

FAPACEL			
LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2021			
CONCEPTO	INGRESOS	GASTOS	SALDO
SALDO EJERCICIO ANTERIOR	969.82		969.82
CUOTAS ASOCIADOS	9.505		
CONVENIO DEPUTACION PTE 2020	15000		
CONVENIO DEPUTACION	12000		
XUNTA DE GALICIA	2.831		
XUNTA DE GALICIA PTE 2020	2975		
XUNTA DE GALICIA IGUALDADE	6000		
PRESTAMO TERCEIROS	6.000		
DOAZON	232,25		
NOMINAS		5661,44	
SS		2654,91	
ASESORIA		580.80	
IRPF		2054,82	
PAPELERIA-IMPRESA-LIBRERÍA		1814.63	
TELEFONO		216.21	
SEGUROS		2103.08	
DIETAS XUNTA DIRECTIVA		566,96	
LAURA PARDEIRO		181,90	
ESTRELLA RAMIL		456	
LETICIA		1738,40	
GASTOS BANCARIOS		146,04	

CUOTA ANPAS GALEGAS		200	
BRANCA VILLARES		7718	
INTERDIX GALICIA		134,31	
MAR CASTRO		1234,90	
ACADEMIA A MARIÑA		1370	
PAGO PRESTAMO A TERCEROS		16.000	
RESULTADOS ANUAIS TOTAIS	55.513,07	44832.40	
SALDO NA CONTA BANCARIA			10680,65
PENDIENTE PAGO IRPF 4º TRIMESTRE			-1.233,12
PENDIENTE INGRESAR SUBVENCION DEPUTACION			3.000
PTE PAGO PROVEEDORES			1089,85
DIFERENCIA PARA CONCILIAR			
PTE DEPUTACION DEPORTES			1228,21
PRESTAMO PENDIENTE 2019			-1.000

ORZAMENTO ECONÓMICO 2022

INGRESOS	
DEPUTACIÓN	15.000
XUNTA	3.000
IGUALDADE	6.000
CUOTAS	7.000
TOTAL	31.000
PTE INGRESO DEPUTACION 2021	3.000
GASTOS:	
NÓMINAS	6.240
SS	2.600
ASESORÍA	440
SERVICIO PREVENCIÓN	210
SEGUROS	1.900
ACTIVIDADES	12.900
DOMINIO PG. WEB	135
CUOTA CONFEDERACIÓN	200
PAPELERIA/IMPRESA	3.625
IMPOSTOS	2.000
ACHEGAS PROPIAS	750
SUBVENCIONES	
TOTAL	31.000
PRESTAMOS PDTE A TERCEROS	1.000